

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 26 DE MAIO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Decreto polo que se dispón o cesamento e o nomeamento de membros do Consello Escolar de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Cerdedo-Cotobade do treito antigo da estrada PO-232 de titularidade da Xunta de Galicia, xunto co seu dominio público viario (DPV).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Ribadeo para o proxecto de alargamento e mellora da estrada de circunvalación de Rinlo e de acceso ás praias, por un importe total de trescentos sesenta mil trescentos setenta e dous euros con dezanove céntimos (360.372,19€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura das addendas aos convenios de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e 46 federacións deportivas galegas, para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2025, polas que se inclúen proxectos de especial relevancia (PER), por importe de catrocentos noventa e sete mil oitocentos setenta euros (497.870,00€).
- Acordo polo que se toma razón da orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a contratación de persoal asalariado (segunda persoa condutora) e para o pagamento das pólizas de seguros no sector dos taxis e se convocan para o exercicio 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Vigo (UVIGO) para completar as axudas ao persoal investigador do programa COFUND destinado no Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina (CINBIO), nas anualidades 2025-2029, por un importe total de trescentos sesenta e dous mil corenta euros (362.040,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Axencia Galega de Innovación da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P. CSIC para instrumentar a concesión dunha subvención por parte da Axencia Galega de Innovación destinada a complementar as axudas ao persoal investigador principal gañador dunha axuda do programa do Consello Europeo de Investigación (ERC) no marco do Programa Horizon Europe, por importe de cento sesenta mil euros (160.000,00€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero, e complementariamente, a outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar. Importe: catrocentos sesenta mil euros (460.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación de Mulleres do Rural da provincia de Lugo (AFAMMER LUGO), para o desenvolvemento de actuacións en execución do Plan Corresponsables 2025. Importe: cen mil euros (100.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), para o desenvolvemento de actuacións en execución do Plan Corresponsables 2025. Importe: cen mil euros (100.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación pola Igualdade das mulleres da provincia de Pontevedra (FEMUPO), para o desenvolvemento de actuacións en execución do Plan Corresponsables 2025. Importe: cen mil euros (100.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación de Asociacións de mulleres rurais de Galicia (FADEMUR), para o desenvolvemento de actuacións en execución do Plan Corresponsables 2025. Importe: cen mil euros (100.000,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón das actuacións de inicio do proceso de auditoría enerxética dos parques empresariais e portos galegos, promovida pola Sociedade para o Aproveitamento de Recursos Naturais de Galicia RDG, S.A. (Recursos de Galicia-RDG).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), a Asociación de Interim Management de España (AIME) e a Asociación para o Progreso da Dirección (APD), para a posta en marcha dun proxecto piloto de servizos de Interim Management ás empresas galegas, por un importe total de douscentos sesenta e cinco mil euros (265.000,00 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza o conselleiro de Facenda e Administración Pública para subscribir, en representación da Comunidade Autónoma de Galicia, un convenio co Ministerio de Facenda para a coordinación de actuacións en materia de contratación pública.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da licitación pola Sociedade de Vivenda Publica de Galicia, S.A. do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 11 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos na parcela denominada B5 do polígono F6.02- Praza Porticada, sita na rúa Rei Abdullah (A Coruña) por un importe de licitación de noventa e nove mil catrocentos noventa e tres euros con vinte e cinco céntimos (99.493,25 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón da licitación pola Sociedade de Vivenda Publica de Galicia, S.A., do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 11 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos, na parcela denominada P3 da UA15, sita en As Devesas (Pontevedra), cun importe de licitación de cento vinte e tres mil douscentos oito euros con dez céntimos (123.208,10€).
- Acordo polo que se toma razón da aprobación da memoria anual sobre a ordenación do territorio e urbanismo da Comunidade Autónoma de Galicia de 2024.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de *stents* coronarios con destino ás áreas sanitarias da Coruña e Cee; Santiago de Compostela e Barbanza; Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos; Vigo; e Pontevedra e O Salnés, por un importe total de licitación de dezaseis millóns catrocentos trinta e sete mil novecentos sesenta euros, con IVE (16.437.960,00 €) e un valor estimado de corenta millóns trescentos corenta e sete mil setecentos vinte euros, sen IVE (40.347.720,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello da Coruña polo que se desenvolve o convenio marco asinado o 4 de outubro de 2021, para a dotación dun centro de saúde no antigo mercado de Santa Lucía, A Coruña., por importe total de dez millóns oitocentos vinte e seis mil oitocentos un euros con sesenta e catro céntimos (10.826.801,64).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Sveučilište u Zadru (Croacia) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, literatura e cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Università degli Studi di Perugia (Italia) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, literatura e cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Ruprecht-Karls-Universität Heidelberg (Alemaña) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, literatura e cultura galegas, por un importe total de cento oito mil euros (108.000,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Christian-Albrechts-Universität zu Kiel (Alemaña) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, literatura e cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (63.976,32€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidad de Extremadura (España) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, literatura e cultura galegas, por un importe total de seis mil euros (6.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a University of Wales, Bangor (Reino Unido) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, literatura e cultura galegas, por un importe total de setenta e oito mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (78.976,32€).
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados e á conta na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência non competitiva, das axudas para a realización de rodaxes audiovisuais en Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2025, por importe de dous millóns douscentos mil euros (2.200.000,00€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón do próximo pagamento final de axudas directas (AADD) da Campaña PAC 2024.
- Acordo polo que se toma razón da convocatoria 2025 das axudas destinadas as persoas agricultoras mozas, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de deseño, organización, montaxe, desmontaxe e transporte dos postos da Consellería do Mar en distintos certames feirais que se van realizar nos anos 2026 e 2027, por un importe total de dez millóns oitocentos oitenta e nove mil oitocentos cincuenta euros (10.889.850,00 €) e un valor estimado por importe de dez millóns setecentos noventa e nove mil oitocentos cincuenta e un euros con vinte e catro céntimos (10.799.851,24 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a arborización dos Camiños de Santiago.
- Informe sobre propostas de actuación para o Fondo Social para o Clima.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre a aplicación da medida de desgravación fiscal ás familias para compra de libros e material escolar.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre o recorte de fondos que o Goberno central distribúe anualmente ás comunidades autónomas do Plan Corresponsables 2025.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre os procesos selectivos para persoas que acrediten discapacidade intelectual.
- Informe sobre a Rede galega da internet das cousas iCousas.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre o novo decreto de tradución e interpretación xurada.
- Informe sobre as liñas de subvencións da Axencia Galega das Industrias Culturais no ámbito audiovisual.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre os resultados da convocatoria do ano 2025 de axudas ás asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro para a dinamización do comercio local.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as actividades do matadoiro móbil de Galicia 2024-2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA RENOVA OS SEUS MEMBROS

O Consello da Xunta dá luz verde ao cesamento, por petición das organizacións ás cales representan, de sete dos integrantes deste órgano educativo e á súa substitución

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á renovación de sete membros do Consello Escolar de Galicia para dar resposta á petición das organizacións ás cales representan neste órgano.

En concreto, cesa por proposta da Confederación Galega de Anpas Patricia Pérez Marín, que será substituída por Mario Fernández Fernández; mentres que no caso da Confederación Galega de Anpas de Centros Públicos, cesa María Dores Blanco Sanguñedo, á cal substitúe María José Ferreiro Precado.

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias, cesan Julio Álvarez Núñez, César Longo Queijo e Diego Fernández Nogueira. No seu lugar formarán parte do Consello Escolar Ovidio Rodeiro Tato, César Manuel Fernández Gil e María Pilar Ramallo Vázquez.

No que atinxe á representación de Comisións Obreiras, José Manuel Fuentes Fariña e María Luz López Pérez serán substituídos do seu labor por Noelia Sánchez Vaamonde e Borja Campos Seijo.

O Consello Escolar de Galicia creouse en 1986 como foro de reflexión, expresión e achega de ideas dos representantes de todos os sectores sociais na política educativa de Galicia. Este órgano colexiado traballa para estimular, impulsar, canalizar e modernizar as fórmulas de participación da sociedade na educación na procura dunha mellor e maior calidade do ensino en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE DO TREITO ANTIGO DA ESTRADA PO-232 AO SEU PASO POLO NÚCLEO DE BARBEITOS

- Transfírese o treito de 227 metros de lonxitude entre o punto quilométrico 9 +180 da PO 232 e que enlaza coa estrada N-541 no punto quilométrico 75+760
- Co cambio de titularidade, o Concello terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o cambio de titularidade a prol do Concello do Cerdedo-Cotobade do treito antigo da estrada PO-232, e que enlaza coa estrada N-541 ao seu paso polo núcleo de Barbeitos, na parroquia de San Xurxo de Sacos.

En concreto, transfírese o treito de 227 metros de lonxitude desta vía autonómica, situado na súa marxe esquerda, entre o punto quilométrico 9 +180 da PO 232 e o punto quilómetro 75+670 da N 541.

Este treito ten un marcado carácter local no movemento dos vehículos que o percorren, polo que carece de funcionalidade dentro da Rede autonómica de estradas de Galicia. Así, polas características do trazado, o treito antigo ten un uso residencial, resultando unha vía de servizo para as vivendas e predios estremeiros.

A transferencia deste treito tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Cerdedo-Cotobade terá a competencia para actuar en toda a avenida do Bierzo e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Imaxe do treito obxecto de cambio de titularidade autorizado hoxe:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSARÁ A MELLORA DA CIRCUNVALACIÓN DE RINLO E O ACCESO ÁS PRAIAS DE RIBADEO

Turismo de Galicia asina un convenio co Concello de Ribadeo co que apoia o 80 % do orzamento dos traballos que permitirán mellorar os fluxos turísticos de entrada á zona

O Consello da Xunta aprobou o convenio establecido entre Turismo de Galicia e o Concello de Ribadeo para o proxecto de ensanche e mellora da estrada de circunvalación de Rinlo e de acceso ás praias. Segundo estipula o documento, a Xunta subvencionará de forma significativa as actuacións. Isto supón unha achega dun importe máximo de 290.000€ sobre o total do orzamento, estimado en 360.372,19€.

A zona en que se quere intervir está habitualmente suxeita a dificultades circulatorias no tramo urbano, especialmente en momentos de maior tránsito. Mediante as actuacións previstas, establecerase unha vía alternativa que evitará o núcleo urbano, ademais de mellorar o acceso ás praias e avanzar na peonalización do centro da vila, co cal a Xunta de Galicia contribuirá a mellorar os fluxos turísticos de entrada á zona.

O proxecto desenvolverase en dous tramos: na actual pista de circunvalación de Rinlo e na pista que dá acceso a todas as praias do concello, seguindo a ruta costeira, entre as que está a célebre praia das Catedrais. Os traballos que se van realizar irán encamiñados a mellorar o estado do pavimento e alargar tramos estreitos da vía, ademais de acometer outras actuacións de limpeza de cunetas, de obras de fábrica e de sinalización.

Tanto o Plan xeral de ordenación municipal de Ribadeo como o Catálogo de patrimonio cultural da comunidade recoñecen varios elementos para protexer dentro de Rinlo, como o núcleo urbano, o porto ou varias estruturas e construcións, como dúas cetarias da zona. O proxecto busca coidar e potenciar os recursos patrimoniais da localidade. Este obxectivo entronca coa Estratexia de turismo de Galicia 2030, para situar Galicia como destino auténtico e diferencial, conta cunha medida focalizada no patrimonio e cultura do litoral, así como no turismo náutico.

As actuacións que abrangue o convenio están chamadas a abundar nese obxectivo de consolidar Galicia como referente internacional en turismo costeiro e náutico, de tal modo que se poña en valor o litoral non só como un atractivo turístico, senón como un espazo vivo onde coexisten as comunidades locais, a súa identidade cultural, as actividades tradicionais e a innovación turística.

Orzamento

Para as accións previstas no convenio está previsto un orzamento de 360.372,19€, do que 136.218,87 irá destinado aos traballos no acceso das praias e 114.056,98€ para a circunvalación. Turismo de Galicia subvencionará arredor do 80 % desta cantidade mediante unha achega por importe máximo de 290.000,00€. O convenio aprobado hoxe polo Consello da Xunta estará vixente ata o 31 de decembro de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO APROBA AS ADDENDAS DOS CONVENIOS COAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS AUMENTANDO O ORZAMENTO A MÁIS DE 5,5 M€, RÉCORD HISTÓRICO

Ao investimento consignado ás 59 federacións deportivas de Galicia a través dos convenios sumárianse preto de 850.000 euros de patrocinios directos a eventos federativos, polo que a Xunta colabora coas federacións cun total de 6,4 millóns de euros en 2025

O Consello da Xunta autorizou as addendas aos convenios de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte e as federacións deportivas galegas, para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2025. Estas addendas dirixidas a 46 entidades federativas contan cun importe de preto de medio millón de euros (497.870 euros) que se suma aos máis de 5 millóns de euros (5.031.419 euros) aprobados polo Consello da Xunta para o total das 59 federacións deportivas na súa reunión do pasado 16 de decembro de 2024.

Con todo, a Secretaría Xeral para o Deporte destinará en 2025 un total de máis de 5,5 millóns de euros (5.529.289 euros) nos convenios subscritos coas 59 federacións deportivas. Isto supón un incremento do 6 % con respecto ao investimento consignado en 2024 a través dos convenios cando se acadou a cifra de 5,2 millóns de euros e volve supoñer un novo récord histórico na materia.

Ademais as federacións deportivas recibirán neste 2025 outros 850.000 euros (841.684,50 euros) como patrocinios directos a eventos deportivos organizados directamente polas entidades federativas entre os que se atopan a Volta ciclista a Galicia, os diferentes rallys do calendario galego de automobilismo, a Liga Xunta de Galicia de Break ou distintos campionatos internacionais de tenis.

O Consello tamén aproba a modificación dos límites e das porcentaxes dos pagamentos anticipados para que todas as federacións deportivas de Galicia poidan desfrutar do 90 % do pagamento de xeito anticipado.

O orzamento para as federacións deportivas é distribuído atendendo a criterios obxectivos, como son o número de licenzas totais, licenzas femininas e licenzas de deportistas con discapacidade existentes na federación, o número de clubs participantes en competicións oficiais, os de campionatos de España e competicións internacionais organizadas, os deportistas da federación que formen parte das seleccións deportivas, o número de deportistas galegos de alto nivel ou de deportistas de alto nivel da federación ou, entre outros criterios obxectivos, as actividades de promoción e fomento realizadas nas actividades en idade escolar. Do mesmo xeito, tamén son financiados os proxectos de especial relevancia (PER) de cada federación -campionatos e eventos deportivos de relevancia autonómica, estatal e internacional, que se celebrarán na nosa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

comunidade e que contribuirán a situar a Galicia como referencia no ámbito deportivo e competitivo-.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 1 M€ NUNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS PARA O PAGAMENTO DE PÓLIZAS DE SEGURO E A CONTRATACIÓN DE PERSOAL NO SECTOR DO TAXI

- O Consello da Xunta informou hoxe desta orde que se convoca por primeira vez co obxectivo de axudar ás persoas titulares de autorizacións a paliar o incremento das pólizas nos últimos anos, ademais de ofrecer un mellor servizo e xerar emprego cos novos contratos para unha segunda persoa condutora
- Estas axudas enmárcanse no apoio do Goberno galego ao sector, que inclúe outra convocatoria de 500.000 euros destinada á adquisición de vehículos adaptados e accesibles para persoas con mobilidade reducida, de emisións cero e para vehículos ECO

O Consello da Xunta informou hoxe da nova orde de axudas destinada ao pagamento das pólizas de seguros no sector dos taxis e á contratación de persoal asalariado como segunda persoa condutora. Con esta convocatoria, que se publica mañá no *Diario Oficial de Galicia* e que conta cunha dotación de 1 millón de euros, a Xunta pretende axudar ás persoas titulares de autorizacións deste tipo de transporte domiciliadas en Galicia ao pagamento dos seguros dos vehículos de taxi, debido ao notable incremento nos últimos anos. Ademais, coa contratación de persoal asalariado contribuírase a unha mellor prestación do servizo e a satisfacer o aumento da demanda en Galicia, ao mesmo tempo que se xera emprego.

Por unha parte, a liña destinada ao pagamento das pólizas dos seguros dos vehículos contará cunha achega de 840.000 euros cunha contía de 240 euros por cada autorización. As persoas interesadas poderán solicitar a axuda desta liña por cada unha das autorización de que sexan titulares.

Por outra banda, a outra liña dirixida á contratación dunha segunda persoa condutora, distinta ao titular da autorización, conta cun crédito de 160.000 euros cun importe de 2.000 euros por axuda. O contrato deberá realizarse a xornada completa e con dedicación exclusiva e só se subvencionará un contrato por cada titular de autorización, aínda que a persoa solicitante sexa titular de varias autorizacións. Se o crédito dispoñible para esta liña se esgota, as solicitudes que se reciben con posterioridade quedarán en reserva á espera de ser atendidas se houberse algunha renuncia ou no caso de que se incremente o orzamento.

As persoas titulares das autorización de transporte da serie VT-N poden solicitar unha ou as dúas liñas da orde e, en calquera caso, teñen que estar domiciliadas en Galicia e estas deben estar viventes e activas na data de presentación de solicitudes e na data de resolución de concesión da axuda.

A póliza do seguro ten que pagarse no período subvencionable entre o 1 de outubro de 2024 e o 30 de setembro de 2025, o mesmo no cal se deberán realizar as contratacións dunha segunda persoa condutora.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As solicitudes presentaranse de maneira obrigatoria a través da sede electrónica da Xunta <https://sede.xunta.gal> e poderán realizarse desde o próximo 5 de xuño, día en que abre o prazo, ata o 30 de setembro.

Cómpre lembrar que a Xunta apoia o sector do taxi con outras axudas destinadas á renovación de frota e desde o pasado 5 de decembro están dispoñibles axudas de entre 1.000 e 10.000 euros para adquirir vehículos adaptados e accesibles a persoas con mobilidade reducida (Eurotaxi), de emisión cero e para vehículos ECO. As tres liñas suman un orzamento de 500.000 euros.

Con estas axudas, a Xunta pretende contribuír a garantir unha mobilidade accesible e sustentable no transporte público. De feito, o sector do taxi conta con case 3.500 autorizacións en Galicia e presta un servizo esencial adaptado ás necesidades de mobilidade da poboación no ámbito urbano como no rural, onde se rexistra unha maior demanda debido á dispersión e avellentamento da poboación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIARÁ CON 360.000 € A CONTRATACIÓN DE CINCO CIENTÍFICOS POSDOUTORAIS NO CINBIO DA UVIGO

- A Consellería de Ciencia asinará un acordo coa Universidade viguesa para completar o orzamento dun proxecto co que logrou captar case 478.000€ da Unión Europea
- A iniciativa permitirá que científicos que estiveron no estranxeiro traballen no Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina, un dos 10 da Rede CIGUS
- Esta acción, enmarcada no Plan galego de investigación e innovación 2025-2027, forma parte da estratexia de captación, formación e retención de talento

O Consello da Xunta segue a dar pasos no impulso da captación e retención de talento. Hoxe autorizou un convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e a Universidade de Vigo para apoiar a contratación de cinco científicos no Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina (CINBIO), un dos 10 centros que integran a Rede CIGUS de investigación universitaria de excelencia. En concreto, o Goberno galego achegará un investimento de 360.000€ con este fin.

O acordo céntrase na iniciativa NANO4TALENT, un proxecto do CINBIO enfocado ao uso de nanomateriais para biomedicina, elementos con propiedades únicas que posibilitan novidosas aplicacións e desempeñan un papel fundamental no avance do coñecemento científico. Este proxecto foi presentada ao programa COFUND da Unión Europea, que ten como obxectivos promover a excelencia na captación de talento e ofrecer ao persoal investigador contratado unha formación integral. Grazas á calidade do proxecto, a UVigo logrou captar 477.600€ de fondos comunitarios, o 57% do custo do mesmo. Co fin de completar os fondos necesarios, a Xunta achega o restante ata os 840.000€.

Deste xeito, o CINBIO da UVigo contratará cinco investigadores posdoutorais ao longo dos cinco anos que dura o programa, ata 2029. Entre os requisitos para acceder a estas axudas, os científicos non poderán ter residido máis de 12 meses no país que realiza o contrato, neste caso, España, durante os tres anos anteriores á formalización deste contrato, o que incide no obxectivo de Galicia de captar investigadores do estranxeiro. Este persoal desenvolverá a súa actividade en períodos de 24 meses cada un.

Repercusión no propio centro

Os bolseiros seleccionados para realizar o seu traballo posdoutoral no CINBIO poderán definir libremente o seu proxecto de investigación, que deberá involucrar dous grupos de investigación diferentes das áreas principais en que traballa o CINBIO (nanomateriais e biomedicina) e procurar novas colaboracións e sinerxías entre o persoal investigador do centro. Así mesmo, o labor dos posdoutorais deberá involucrar varios sectores e contar cun enfoque no cal se integren diversas disciplinas de estudo.

Co orzamento achegado pola Xunta, poderanse cubrir as estadías dos investigadores noutros centros ou universidades, tamén a nivel internacional, gastos de xestión e investigación, inscrición en congresos e cursos de formación, gastos de persoal de difusión e comunicación e os honorarios da comisión avaliadora para a contratación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, a Xunta amplía coa UVigo a súa colaboración no impulso da investigación galega, desta vez desde o CINBIO. Este centro da Rede CIGUS non foi o único que acadou unha bolsa do programa MSCA-COFOUND: o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC), da Universidade da Coruña, foi beneficiario tamén desta convocatoria europea, coa que o Goberno galego está a cofinanciar con 560.000€ a contratación de oito investigadores predoutorais para o período 2023-2026.

Impulso do talento

Esta acción, enmarcada no Plan galego de investigación e innovación 2025-2027, súmase a outra serie de medidas que a Xunta de Galicia impulsa no marco da estratexia de captación, formación e retención de talento. Neste sentido, a pasada semana o Consello autorizou un convenio de colaboración coas tres universidades galegas para cofinanciar con máis de 800.000€ a contratación de 34 científicos cos programas estatais Ramón y Cajal e Juan de la Cierva. De igual maneira, este mes deuse luz verde a unha axuda de case 1M€ para reforzar o traballo de tres científicos na USC e na UVigo que acadaron un contrato do Consello Europeo de Investigación para o período 2025-2029.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA O APOIO A UN INVESTIGADOR OPORTUNIUS DO INSTITUTO DE CIENCIAS DO PATRIMONIO DO CSIC

- A Xunta inxectara 160.000 euros para o período 2025-2027 ao equipo que lidera Felipe Criado, que ten desde 2021 unha bolsa do Consello Europeo de Investigación
- A chega do Goberno galego a este proxecto suma xa 480.000€, que se engaden aos 4 M€ que o propio centro foi quen de captar de fondos comunitarios
- O programa Oportunus leva apoiados a 34 investigadores cunha achega de 17 M€

A Xunta ampliará durante dous anos máis o apoio que vén dando ao investigador Oportunus Felipe Criado, que desenvolve a súa actividade no Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT), un dos centros cos que conta en Galicia o Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC). En concreto, o Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e o CSIC dotado con 160.000€ para o período 2025-2027. Este importe engádese aos 320.000 € destinados no período 2021-2025, o que suma unha achega total de 480.000€.

Felipe Criado é beneficiario desde 2021 dunha bolsa de 4 M€ do Consello Europeo de Investigación (ERC), as máis prestixiosas que se conceden no noso continente, na categoría de *Synergy Grant*. Como parte da súa estratexia de captación e retención de talento, a Axencia Galega de Innovación complementa os fondos ao equipo que lidera este investigador para así garantir que a súa actividade se desenvolva na Comunidade.

Este científico é un dos 34 beneficiarios do programa Oportunus, que desde o 2014 leva apoiado 42 proxectos en entidades galegas cun investimento de 17M€. O seu proxecto, XSCAPE, céntrase na investigación sobre as formas en que a materialidade afecta a cognición do ser humano e no cal participan máis dunha vintena de profesionais. Este traballo é unha proposta de colaboración entre catro entidades de investigación internacionais en que actúa como entidade coordinadora o INCIPIT, que ten a súa sede no Edificio Fontán da Cidade da Cultura de Galicia, en Santiago de Compostela.

O convenio autorizado amplía as accións de impulso do talento investigador da Xunta no CSIC. De feito, este non é o primeiro convenio de colaboración entre Xunta e CSIC para apoiar a carreira de persoal excelente. Ademais de Felipe Criado, o investigador ERC Jorge de Torres tamén foi beneficiario de 250.000€ para un proxecto levado a cabo no tamén no Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT), que rematará este ano.

Captación e retención de talento en Galicia

Entre as prioridades do Goberno galego está a de atraer, reter e captar talento. Así está fixado no Plan galego de investigación e innovación 2025-2027. Para iso, un dos programas estrela en funcionamento é Oportunus, con que se busca ofrecer condicións atractivas que permitan a persoal investigador de primeiro nivel traballar na Comunidade con axudas complementarias ás das prestixiosas bolsas europeas do ERC.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O programa Oportunius inclúe asesoramento e formación por parte da Xunta para potenciais investigadores candidatos a unha ERC. Ata o de agora, avaliáronse un total de 291 candidaturas e realizáronse 25 talleres de formación con máis de 600 participantes. Grazas a isto, lográronse captar case 62M€ do Consello Europeo de Investigación e outros 30M€ en convocatorias competitivas e actividades de transferencia.

Nesta liña de asentamento de talento excelente en Galicia, o Goberno autonómico tamén traballa na posta en marcha dunha fundación de atracción de talento de alto nivel, a Fundación Galtia, que se prevé que comece a funcionar no ano 2026. Galtia ofrecerá salarios competitivos e estables con avaliacións intermedias a investigadores de prestixio mundial, co obxectivo de captar ata 30 científicos ao longo de cinco anos para contribuír á mellorar os índices de investigación na Comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA EN CASE UN 20 % O CONVENIO CO COLEXIO DE PSICOLOXÍA PARA A ATENCIÓN A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- Destínanse 460.000 euros a financiar servizos como unha quenda de garda, asistencia domiciliaria urxente ou apoio a homes con problemas de control da violencia, entre outros
- Desde 2009 prestouse atención especializada a preto de 13.600 persoas

O Consello da Xunta de hoxe autorizou a renovación do convenio entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) para atender vítimas de violencia de xénero e sexual. O orzamento do acordo é de 460.000 euros, case un 20 % máis con respecto ao do ano pasado.

A través desta colaboración, a Xunta pon á disposición das vítimas unha rede de profesionais da psicoloxía especializados na atención, co obxecto de axudalas no seu proceso de recuperación. Así, o convenio financia unha quenda de garda, que presta atención psicolóxica, especializada e permanente, no momento da interposición da denuncia. Dispénsase tamén apoio a homes que desexan reconducir as súas actitudes violentas no ámbito familiar, mediante o programa *Abramos o círculo*.

Ademais, outros servizos que se inclúen no convenio son a cobertura da asistencia domiciliaria urxente en caso de mortes ou agresións graves, a colaboración co Centro Autonómico de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero (CRI) e garantía de acceso ás persoas con discapacidade auditiva ou da fala.

Estímase que este ano se poidan beneficiar deste programa máis de 1.500 persoas, entre mulleres vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos menores, outras persoas do ámbito familiar e homes con problemas de control de violencia. Entre os anos 2009 e 2025 prestouse atención a un total de 13.592 persoas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 400.000 € ÁS FEDERACIÓNS DE MULLERES RURAIS PARA IMPULSAR O EMPREGO DE CALIDADE NO SECTOR DOS COIDADOS DE MENORES

- O obxectivo é facilitar a inserción laboral destas mulleres en servizos como o de madrugadores e o de comedor dos colexios ou nos campamentos de concellos, Anpas e entidades de iniciativa social
- Prevese que máis de 2.300 mulleres participen ao longo deste ano en arredor de 200 cursos que as federacións desenvolverán nas catro provincias galegas

O Consello da Xunta deu luz verde esta mañá a sinatura de catro convenios de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as federacións provinciais de mulleres rurais para impulsar a formación e o emprego de calidade nos coidados a nenas e nenos. O importe destes acordos suma 400.000 euros, a razón de 100.000 euros por cada un deles.

O obxectivo é que as mulleres rurais poidan acceder a postos de traballo no sector dos coidados de menores de 16 anos, por exemplo: nos servizos de madrugadores e de comedor dos colexios ou nos campamentos de concellos, asociacións de nais e pais (Anpas) e entidades de iniciativa social. A previsión é que máis de 2.300 mulleres participen ao longo deste ano nos arredor de 200 cursos que as federacións desenvolverán nas catro provincias galegas a través destes convenios.

A finalidade é que as mulleres que viven en concellos rurais accedan a formación en competencias clave e que teñan a posibilidade de acreditar a súa experiencia laboral non profesional no ámbito dos coidados. É dicir, trátase de facilitar a inserción laboral neste sector, con especial atención ás maiores de 45 anos.

Certificado profesional

Para a consecución deste fin é necesario que o Goberno central desenvolva o certificado que permita recoñecer a formación e experiencia laboral destas mulleres, un compromiso que está recollido no Plan Corresponsables posto en marcha no ano 2021.

En setembro do ano pasado o Executivo central publicou o Real decreto para a creación da cualificación profesional de 'Atención a persoas non dependentes con necesidades de coidados na súa contorna cotiá', pero aínda ten pendente o seu desenvolvemento para que as comunidades autónomas poidan aplicalo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA A MAIOR AUDITORÍA ENERXÉTICA DE EUROPA EN PORTOS E POLÍGONOS PARA AFORRAR CUSTOS, AVANZAR NA DESCARBONIZACIÓN E BLINDAR A SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA

- Rueda salienta que arrancará en xuño en “193 parques empresariais e 122 peiraos autonómicos”
- O proxecto xurde para que estes espazos, con case 10.000 empresas, sexan máis competitivos e avancen na transición cara a unha economía máis verde
- A maior parte das actuacións centraranse nas industrias situadas nestas instalacións, xa que presentan os maiores consumos enerxéticos
- Prevese o despregamento dunha plataforma dixital baseada na intelixencia artificial que, acompañada de aplicacións específicas, facilitará ás empresas plans personalizados para que reduzan a factura eléctrica

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe da posta en marcha da primeira gran auditoría enerxética en “315 portos e polígonos industriais” de Galicia co obxectivo de “avanzar no proceso de descarbonización, lograr que as empresas aforren nos custos enerxéticos e fomentar o autoconsumo para blindar a seguridade eléctrica”.

Rueda salientou que “nunca antes se fixera unha auditoría tan grande e con tanta amplitude en Europa” e que arrincará o vindeiro mes de xuño “en 193 parques empresariais -públicos e privados- e 122 peiraos autonómicos”. Os traballos prologaranse ao longo de 12 meses, e deles se encargará a firma Ghenova Ingeniería Group, que resultou adxudicataria do concurso público convocado e ao cal concorreron outras catro ofertas.

Trátase de blindar estas instalacións para que sexan máis eficientes, competitivas e autosuficientes a través da combinación de tres elementos: a innovación tecnolóxica, a intelixencia artificial e a participación activa do tecido empresarial.

Para iso, o proxecto prevé realizar unha análise pormenorizada da situación actual en que se atopan os portos e parques empresariais da comunidade, avaliando “as infraestruturas enerxéticas existentes” como redes eléctricas, centros de transformación, subestacións, redes de gas e distribución. Inclúe tamén un estudo dos recursos dispoñibles para o que se avaliarán o solar, eólico, de biomasa, xeotérmico e mesmo de enerxías mariñas.

Identificar as mellores oportunidades de autoconsumo para cada polígono e porto en función das características específicas de cada instalación é un dos propósitos da auditoría para conseguir un diagnóstico enerxético sólido e realista.

Así, tal e como explicou Rueda, as solucións obtidas desta análise terán unha translación práctica “ao identificar superficies dispoñibles para a instalación das novas infraestruturas renovables”, tendo en conta as restricións ambientais, técnicas e de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

planificación urbanística que poidan condicionar o seu desenvolvemento. Ademais, permitirán ás empresas implantadas nos polígonos e nos portos gañar en competitividade e independencia para facer fronte as carencias que presenta a actual rede de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

A auditoría incluírá tamén un exame de mobilidade e frotas en Galicia. Así, avalíaranse os tipos de vehículos, os seus consumos, as rutas habituais e as posibilidades de electrificación e optimización loxística en polígonos e portos, co obxecto de poder contar coa información precisa para deseñar solucións de cara a unha mobilidade máis sustentable e eficiente.

Estas actuacións estarán orientadas, por exemplo, a propoñer solucións de autoconsumo renovable, implantar sistemas de almacenamento enerxético, mellorar a eficiencia dos procesos industriais e optimizar a mobilidade.

Unha plataforma dixital ao servizo das empresas

Para lograr os obxectivos fixados, Rueda anuncio que vaise despregar “unha plataforma dixital avanzada” que facilitará ás empresas e entidades situadas nos 193 polígonos industriais e 122 portos plans personalizados para minorar a factura eléctrica a través dun servizo de asesoramento gratuito. Nas 315 infraestruturas aséntanse preto de 10.000 empresas, das cales algo máis de 3.000 industrias presentan un maior consumo enerxético e que serán sobre as que pivote a auditoría.

Para acadar unha diagnose o máis acertada e real posible, promoverase a participación do tecido empresarial, mediante unha colaboración na subministración de datos relevantes, ao tempo que poderán acceder á información sobre os seus consumos enerxéticos e asegurar que as solucións propostas se adaptan ás necesidades detectadas.

Convenio de colaboración Xunta-RDG

A Xunta de Galicia, a través das consellerías de Economía e Industria e do Mar, asinou en setembro de 2024 un convenio de colaboración coa sociedade Recursos de Galicia (RDG) para levar a cabo esta auditoría enerxético ambiental, a maior realizada ata a data en España e Europa, e baseada nun modelo pioneiro a nivel nacional para que estas instalacións poidan reducir, abaratar e descarbonizar os consumos enerxéticos e avanzar na eficiencia, descarbonización e sustentabilidade destes espazos.

A empresa encargada de realizar este estudo, a firma española Ghenova Ingeniería Group está especializada en servizos de enxeñaría multidisciplinar, con presenza tanto a nivel nacional como internacional, e que conta con dúas delegacións en Galicia, concretamente en Ferrol e Vigo, nas cales traballan 190 persoas, o que supón o 23 % do emprego a nivel nacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA UN PROXECTO PIONEIRO QUE OFRECE APOIO DIRECTIVO EXPERTO ÁS EMPRESAS GALEGAS PARA MELLORAR A COMPETITIVIDADE E AFRONTAR NOVOS RETOS

- A Consellería de Economía e Industria pon en marcha un convenio piloto coa Asociación de Interim Management de España e a Asociación para o Progreso da Dirección (APD), co obxectivo de incorporar profesionais externos con ampla experiencia en xestión e dirección nun grupo inicial de oito pemes galegas
- Estes expertos achegarán unha visión externa, neutral e orientada a resultados, facilitando que as empresas acometan transformacións profundas cun maior grao de efectividade e nun menor prazo, ao tempo que identifican oportunidades de mellora e impulsan os seus obxectivos estratéxicos
- A iniciativa aposta por solucións áxiles e adaptadas ás necesidades específicas de cada empresa, cun enfoque temporal e acoutado que permite optimizar recursos, reducir riscos e manter o control dos custos, ao tempo que se incorporan coñecementos clave para reforzar a posición competitiva no mercado

A Consellería de Economía e Industria, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), puxo en marcha un proxecto piloto pioneiro para achegar talento directivo especializado ás pemes galegas. A iniciativa, que coñeceu hoxe o Consello da Xunta, desenvolverase mediante un convenio coas asociacións AIME (Asociación de Interim Management de España) e APD (Asociación para o Progreso da Dirección), e conta cun orzamento total de 265.000 euros.

O obxectivo do proxecto é incorporar, de maneira temporal, profesionais externos con ampla experiencia en xestión e dirección en ata oito empresas galegas. Estes expertos achegarán unha visión externa e neutral, cunha clara orientación aos resultados, o que permitirá ás empresas acometer transformacións clave cun maior grao de efectividade e nun menor prazo.

O modelo aplicado é o do Interim Management, unha fórmula de apoio directivo que permite á empresa contar, durante un tempo limitado e con misións específicas, cun perfil de alta cualificación e experiencia. Este tipo de intervención é especialmente útil en situacións como reestruturacións organizativas, procesos de crecemento ou internacionalización, substitucións directivas temporais ou xestións de crise.

Cada proceso terá unha duración de seis meses e unha dedicación semanal de 20 horas por parte do profesional asignado. O orzamento desta iniciativa ascende a 265.000 € dos cales o Igape asumirá un máximo de 200.000 €, 20.000 € correspondentes a gastos de xestión e coordinación, e 180.000 € en subvencións ás empresas beneficiarias, nunha porcentaxe do 75 % dos honorarios de cada servizo, asumindo as empresas o 25 % restante.

A Xunta de Galicia aposta, así, por solucións áxiles e adaptadas ás necesidades específicas de cada empresa, reducindo riscos, optimizando recursos e mantendo o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

control dos custos. Ademais de dar resposta a desafíos concretos, esta fórmula permite incorporar coñecementos estratéxicos de alto valor, reforzando a posición competitiva das pemes no mercado.

O proxecto inclúe unha fase de convocatoria e selección das empresas, asignación dos expertos, execución dos procesos e avaliación dos resultados. Unha vez completada esta experiencia piloto, valorarase a súa posible extensión a máis empresas e sectores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS EMPRESAS GALEGAS CLASIFICADAS NO REXISTRO AUTONÓMICO PODERÁN PRESENTARSE A LICITACIÓNS EN TODO O TERRITORIO NACIONAL

- A Consellería de Facenda e Administración Pública avanza a sinatura dun novo convenio de colaboración para coordinar e unificar o Rexistro xeral de contratistas, de ámbito autonómico, e o Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do sector público, de ámbito nacional
- As empresas só precisarán xestionar e actualizar os seus datos nun único rexistro

As empresas galegas clasificadas no Rexistro autonómico de contratistas poderán presentarse a licitacións en todo o territorio nacional. A Plataforma de contratación da Xunta permitirá, tamén, coñecer todas as licitacións que afecten o territorio, con independencia de que o órgano de contratación sexa estatal, autonómico ou local. O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería de Facenda e Administración Pública a sinatura dun convenio de colaboración co Ministerio de Facenda, para potenciar a interconexión da plataforma autonómica coa Plataforma de contratación estatal.

O acordo do Consello da Xunta avanza a sinatura, en breve, dun novo convenio de colaboración entre ambos os dous gobernos para coordinar e unificar os dous rexistros de licitadores e empresas clasificadas admitidos en Galicia: o Rexistro xeral de contratistas, de ámbito autonómico, e o Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do sector público, de ámbito nacional. Ata o de agora, as licitacións publicadas na plataforma autonómica (www.contratosdegalicia.gal) eran visibles na plataforma estatal e, con esta iniciativa, a información pasará a ser bidireccional, ao publicarse tamén na plataforma galega.

O obxectivo recollido no acordo é usar un só rexistro oficial compartido, onde toda a información de empresarios e operadores económicos estea consolidada e actualizada, mantendo a Administración autonómica as competencias na tramitación e resolución de inscricións das empresas galegas.

O documento destaca que, ademais de facilitar o acceso aos datos e simplificar a actualización da información, coordinaranse os rexistros para ter un censo consolidado de licitadores con inscrición vixente nos dous. Deste xeito, a xestión será máis sinxela e eficiente para todos, co conseguinte aforro económico e de tempo para as empresas interesadas.

Con este convenio, as empresas galegas só precisarán xestionar e actualizar os seus datos nun único rexistro, o que lles permitirá acceder a licitacións de múltiples ámbitos territoriais.

Cómpre salientar que con este novo convenio dáse un paso máis de cara a transparencia e visibilización da compra pública.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE A LICITACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO PARA CONSTRUÍR 11 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NA RÚA REI ABDULLAH, NA CORUÑA

- A Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal) licitará por case 100.000 euros este novo contrato para a redacción de proxecto e dirección de obra para estas novas vivendas, que se construírán noutra das parcelas cedidas polo Concello
- Este contrato sumarase ao tamén autorizado a principio deste mes para construír 58 vivendas protexidas, garaxes e rochos na zona dos Rosais
- Na cidade, a Xunta adxudicou a redacción do proxecto de interese autonómico no ámbito de Monte Mero, onde se prevén 4.310 vivendas, o 80 % delas protexidas, no marco da Estratexia galega de solo residencial.

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á contratación da redacción do proxectos básico e de execución e dirección de obra para a construción de 11 vivendas de promoción pública en solo cedido polo concello da Coruña, na rúa Rei Abdullah s/n.

En concreto, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal), licitará este novo contrato para impulsar 11 novas vivendas protexidas, garaxes e rochos na parcela denominada B5 do polígono F6.02-Praza Porticada I-PB5, sita na citada rúa da cidade, por un orzamento de case 100.00 euros.

Este contrato sumarase ao tamén autorizado polo Executivo autonómico a principios deste mesmo mes, o pasado día 5 de maio, para construír 58 vivendas protexidas, garaxes e rochos noutra das parcelas cedidas polo Concello na zona dos Rosais. Neste caso os traballos licitarán por 472.000 euros.

Os contratos licitaranse nas vindeiras semanas e os técnicos ou empresas adxudicatarias terán un prazo de cinco meses para a elaboración dos proxectos.

O Goberno galego agradece que o Concello da Coruña confíe na Xunta para a construción de vivenda de promoción pública e agarda que esta liña de colaboración teña continuidade, impulsando fogares noutras parcelas de titularidade municipal nas cales se poidan edificar máis inmobles protexidos para a veciñanza da cidade.

A Xunta segue intensificando o ritmo de traballo no compromiso de incrementar o parque público residencial co obxectivo de duplicalo nesta lexislatura e acadar así 8.000 vivendas. Neste momento, xa ten en marcha máis de 2.200 vivendas nas cidades de Vigo, Pontevedra, A Coruña, Santiago, Ourense, Lugo ou Ferrol.

Ademais, a Xunta tamén ten en marcha a primeira fase da Estratexia galega de solo residencial, con que busca, en colaboración cos concellos, facilitar solo destinado á construción de 25.000 vivendas, 20.000 protexidas e 5.000 libres. No caso da Coruña, a Xunta acaba de adxudicar esta pasada semana a redacción do proxecto de interese autonómico no ámbito de Monte Mero, onde se prevén 4.310 vivendas, o 80 % delas protexidas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO PARA CONSTRUIR 11 VIVENDAS PÚBLICAS NA RÚA AS DEVESAS, EN PONTEVEDRA

- A Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal) licitará por 123.208 euros este novo contrato da redacción de proxecto e dirección de obra para estas vivendas, que se construírán nunha das parcelas cedidas polo Concello
- Co novo contrato, a Xunta continúa a sumar na cidade de Pontevedra nova vivenda de promoción pública, tendo xa en marcha en Valdecorvos 236 VPP ás cales se engadirán estas novas 11 na rúa As Devesas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación, por importe de 123.208 euros, da redacción do proxectos básico e de execución e dirección de obra para a construción de 11 vivendas de promoción pública en solo cedido polo Concello de Pontevedra, na rúa As Devesas.

Neste caso, promóvese a contratación dunha nova promoción de vivenda pública na cidade, situada na parcela P3 da Unidade de Actuación nº 15, de 540 metros cadrados de superficie, localizada na rúa As Devesas nº 8, en que se prevén construír outras 11 vivendas protexidas cun investimento inicial estimado de 2,1 M€.

Trátase do segundo proxecto que impulsa a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal), en solo cedido polo Administración local. Cómpre lembrar que a pasada semana o Goberno galego deu luz verde á licitación por case 450.000 euros do proxecto para a construción doutras 54 novas VPP, na parcela localizada na rúa Prado Novo nº 4, en Valdecorvos.

Co novo contrato autorizado hoxe, a Xunta continúa a sumar na cidade de Pontevedra nova vivenda de promoción pública, tendo xa en marcha en Valdecorvos 236 VPP ás cales se engadirán estas novas 11 vivendas na rúa As Devesas.

O Goberno galego mantén a folla de ruta para seguir avanzando nesta lexislatura no incremento do parque público residencial, tendo neste momento xa en marcha máis de 2.200 vivendas nas cidades de Vigo, Pontevedra, A Coruña, Santiago, Ourense, Lugo ou Ferrol.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSULTIVA DE URBANISMO E ORDENACIÓN DO TERRITORIO EMITE NO ÚLTIMO ANO 75 INFORMES QUE MELLORAN A EFICACIA NA APLICACIÓN DA NORMATIVA VIXENTE NESTA MATERIA

- O Goberno galego toma razón da aprobación da memoria anual deste órgano autonómico, que consolida o seu labor na interpretación da lexislación urbanística aos concellos, axentes sociais e económicos, así como aos distintos departamentos da Administración autonómica
- O Pleno da Xunta Consultiva informou favorablemente do proxecto básico do Centro de Protonterapia de Galicia, o proxecto básico modificado da terminal de autobuses na área intermodal da Coruña-San Cristóbal, o proxecto do centro de saúde Novoa Santos de Ourense e o Proxecto industrial estratéxico Triskelion
- A memoria do 2024 inclúe propostas para a mellora da eficacia da ordenación do territorio e do urbanismo, como a tramitación dun novo regulamento da Lei do solo ou a posta en marcha da Plataforma urbanística dixital de Galicia
- Todos os informes están publicados no Portal de territorio e urbanismo da Xunta para facilitar o seu acceso a toda a cidadanía e a todos os axentes implicados na ordenación do territorio e no urbanismo

A Xunta Consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo emitiu no ano 2024 un total de 75 informes, cumprindo o seu obxectivo de tutelar na interpretación e aplicación da normativa vixente nesta materia os concellos, axentes sociais e económicos, así como os distintos departamentos da administración autonómica.

O Goberno galego tomou hoxe razón da aprobación da memoria de actividade da Xunta Consultiva no último ano, órgano que contribúe á simplificación e á axilidade na tramitación dos procedementos en materia de ordenación do territorio e urbanismo, a través do asesoramento naqueles aspectos que sexan requiridos, no marco do principio de colaboración coas distintas entidades e administracións que así o precisen.

Na memoria da Xunta Consultiva do 2024 séguese a poñer de manifesto o interese dos distintos operadores que interveñen no eido da ordenación do territorio e do urbanismo, en particular dos concellos no exercicio das súas competencias, nos pronunciamentos emitidos polo dito órgano consultivo. Refléctese así a consolidación deste órgano asesor na axuda á interpretación da lexislación urbanística ás entidades públicas e privadas nos procedementos urbanísticos, a obtención de permisos e licenzas, así como para a promoción de instrucións que faciliten a aplicación práctica.

Os informes deste órgano consultivo no anos 2024 evidencian que os aspectos que continúan a suscitar máis dúbidas son os relativos ás obras permitidas nas edificacións existentes fóra de ordenación ou que son parcialmente desconformes co planeamento urbanístico. Tamén destacan as consultas sobre cuestións relativas á reorganización da propiedade no solo rústico; o réxime das edificacións existentes de carácter tradicional; réxime de usos admisibles no solo rústico ou a posibilidade de aplicar, con

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

carácter complementario, ou o Plan básico autonómico de Galicia, na súa función de suplir indeterminacións ou lagoas do planeamento municipal.

En concreto, durante o ano 2024 a Xunta Consultiva celebrou un total de 12 sesións (tres sesións do Pleno e nove da Comisión Permanente). Do total de 75 informes emitidos, catro corresponderon ao Pleno e 71 á Comisión Permanente.

Así, o Pleno emitiu informe favorable sobre o proxecto básico do Centro de Protonterapia de Galicia, o proxecto básico modificado da terminal de autobuses integrada na área intermodal da Coruña-San Cristóbal, o proxecto do centro de saúde Novoa Santos de Ourense e o Proxecto Industrial estratéxico Triskelion.

Todos os informes da Comisión Permanente foron adoptados, maioritariamente, por petición dos diferentes concellos, agás dous informes emitidos por petición das persoas titulares da presidencia dos colexios profesionais afectados pola ordenación do territorio e urbanismo, cinco informes emitidos por petición das organizacións empresariais afectadas pola ordenación do territorio e urbanismo, e un informe emitido por petición da Xerencia Rexional do Catastro Inmobiliario.

No relativo á súa distribución por provincias, emitíronse 29 informes solicitados por concellos da provincia da Coruña, 3 de Lugo, 12 de Ourense e 19 de Pontevedra.

A memoria anual recolle, así mesmo, a proposta de medidas pertinentes para a mellora da eficacia da ordenación do territorio e do urbanismo.

Entre as medidas propostas, cabe salientar a tramitación do novo regulamento de desenvolvemento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en que se está a traballar co fin de garantir a seguridade xurídica e facilitar a aplicación da normativa urbanística vixente.

Outra das medidas consiste na posta en marcha da Plataforma Urbanística Dixital de Galicia, que permitirá integrar nunha única plataforma dixital, a tramitación electrónica de todos os instrumentos de planeamento territorial e urbanísticos, incluída a tramitación ambiental e sectorial, o Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, toda a información urbanística e territorial, os informes da Xunta Consultiva, así como o visor urbanístico da Comunidade Autónoma.

A este respecto, cómpre subliñar que o fin último da posta en marcha desta Plataforma é mellorar a eficacia e eficiencia asociada á xestión administrativa urbanística, na procura da simplificación, transparencia e unha maior axilidade na tramitación dos procedementos, así como garantir o marco legal previsto na Lei do solo de Galicia en relación coa tramitación do planeamento urbanístico.

Todos os informes están publicados no Portal de Territorio e Urbanismo da Xunta para facilitar o seu acceso a toda a cidadanía e a todos os axentes implicados na

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ordenación do territorio e no urbanismo. Unha vez elevada hoxe ao Consello da Xunta, a memoria será publicada na web da Xunta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COMPRA DE STENTS CORONARIOS CON DESTINO AOS SERVIZOS DE HEMODINÁMICA DA SANIDADE PÚBLICA POR IMPORTE DE 16,4 M€

- Trátase da sexta compra centralizada para este tipo de material, o que permite un aforro para os dous anos de vixencia inicial do contrato de máis de 610.000 euros
- Estes dispositivos son esenciais para o tratamento do estreitamento das arterias coronarias, contribuíndo a restablecer un fluxo sanguíneo axeitado cara o miocardio

O Consello da Xunta autorizou a contratación, polo procedemento negociado e cun importe de 16.437.960 euros para un período inicial de dous anos, da subministración sucesiva de *stents* coronarios con destino aos servizos de hemodinámica da sanidade pública galega.

O contrato prevé a posibilidade de ser prorrogado por un período máximo de tres anos máis, acadando, neste caso, un valor estimado de 40.347.720 euros.

Esta compra realízase de xeito centralizado, sendo a sexta compra centralizada para este tipo de material, o que vai supoñer un aforro de máis de 610.000 euros para os dous anos de vixencia inicial do contrato.

A hemodinámica e cardioloxía intervencionista é unha rama da cardioloxía que se encarga da realización de procedementos por vía percutánea destinados ao diagnóstico e corrección de cardiopatías, tanto de orixe estrutural como de orixe isquémica coronaria.

Os dispositivos obxecto desta compra son esenciais para o tratamento do estreitamento das arterias coronarias, contribuíndo a restablecer un fluxo sanguíneo axeitado cara ao miocardio.

O obxectivo da colocación do *stent* é abrir o interior dun vaso sanguíneo que se estreitou (acumulación de lípidos ou graxas e células inflamatorias nas paredes das arterias xunto con produción de coláxeno nelas) e, polo tanto, deixa pasar menos sangue, o que pode causar anxina de peito ou infarto de miocardio.

Mediante a técnica de angioplastia coronaria e implante de *stent* introdúcese un catéter ata a arteria estreitada. Na zona do estreitamento introdúcese un 'balón' desinflado que posteriormente se infla e dilata a arteria (ábrea de novo).

Cómpre lembrar que as enfermidades cardiovasculares son a principal causa de morte no mundo. Cada ano morren máis persoas por algunha enfermidade cardiovascular que por calquera outra causa, sendo a máis común a arteriopatía coronaria, que afecta os vasos sanguíneos que abastecen o músculo cardíaco.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O CONVENIO CO CONCELLO DA CORUÑA PARA CONSTRUIR O NOVO CENTRO DE SAÚDE DE SANTA LUCÍA, CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE MÁIS DE 5,8 M€

- O Goberno galego asume o financiamento da infraestrutura sanitaria, que estará integrada no proxecto de rehabilitación do antigo mercado de Santa Lucía, cuxas obras licitará e executará o Concello da Coruña
- Este novo equipamento substituirá o centro de saúde de Federico Tapia, máis que triplicando a súa superficie e permitindo crear novos servizos, como unha área da saúde da muller
- O número de consultas destinadas a medicina de familia, pediatría e enfermaría será o dobre das actuais
- A Xunta reforza a súa aposta pola renovación das infraestruturas sanitarias da Coruña, onde están en execución as obras do Novo CHUAC cun investimento autonómico de 500 M€

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello da Coruña para o financiamento das obras do novo centro de saúde de Santa Lucía, en que a Administración autonómica investirá 5.859.465,05 euros.

Con este convenio, o Goberno galego, a través do Servizo Galego de Saúde, asume o financiamento das obras correspondentes ao centro de saúde, que se integra dentro do proxecto global de rehabilitación do antigo mercado de Santa Lucía, ocupando un 54,12 % do edificio.

O texto concreta que o Concello da Coruña licitará e executará as obras de rehabilitación do antigo mercado.

En concreto, coa súa achega, a Xunta destinará 179.115,82 euros á financiación da redacción do proxecto, 102.510,49 euros á dirección da obra e 5.577.838,74 euros á execución dos traballos de rehabilitación do antigo mercado coruñés.

Coa finalidade de asegurar a correcta execución de obras conforme os criterios do Servizo Galego de Saúde, designarase unha persoa que supervise os traballos do centro de saúde. Ademais, constituirase unha comisión de seguimento, vixilancia e control integrada por ambas as partes.

Coa aprobación deste convenio polo Consello da Xunta, a Consellería de Sanidade cumpre co seu compromiso de tramitar coa máxima axilidade as súas responsabilidades en relación coas obras do centro de saúde Santa Lucía, para facilitar a inmediata contratación e execución das obras por parte do Concello da Coruña.

Máis consultas e servizos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A construción do centro de saúde de Santa Lucía está previsto no Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria. O Goberno galego leva xa investidos 158 millóns de euros para executar ou reformar un total de 136 equipamentos de atención primaria nos últimos 15 anos.

O novo centro de saúde de Santa Lucía substituirá o actual de Federico Tapia e ocupará dous andares do antigo mercado para dar asistencia sanitaria a 11.500 persoas.

A nova infraestrutura permitirá pasar dunha superficie de 387 m² a máis de 1.300 m². Así, duplicarase o número de consultas destinadas a medicina de familia (de 3 a 6 consultas) e ás de enfermaría (de 2 a 4).

Os espazos dedicados á pediatría tamén se verán incrementados. Crearase unha sala de espera específica e as consultas pasarán de 1 a 2 no novo centro de saúde de Santa Lucía.

Ademais, o maior espazo permitirá ofrecer máis servizos. En particular, unha consulta para matrona, unha sala de educación maternal, unha área de traballo social, unha sala de toma de mostras, salas polivalentes e un espazo para atender urxencias.

Con esta actuación, a Xunta continúa a avanzar na renovación das infraestruturas sanitarias da Coruña, onde está actualmente a desenvolver as obras do novo hospital público, o Novo CHUAC, que supón un investimento autonómico de 500 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVE O ESTUDO DO GALEGO EN CROACIA, ITALIA, ALEMAÑA, REINO UNIDO E ESTREMADURA CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 280.000€

- O Consello dá luz verde aos convenios cos centros Sveučilište u Zadru, Università degli Studi di Perugia, Ruprecht-Karls-Universität Heidelberg, Christian-Albrechts-Universität zu Kiel, University of Wales, Bangor e a Universidad de Extremadura
- O acordo enmárcase no compromiso da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude por impulsar a docencia, investigación e promoción da lingua, literatura e cultura galegas no exterior

O Consello da Xunta acaba de renovar a súa colaboración con universidades de distintas partes do mundo para promocionar a lingua, literatura e cultura galegas no ámbito académico tanto en España como en países como Croacia, Italia, Alemaña e Reino Unido cun investimento de máis de 280.000€. Concretamente, no eido internacional o Goberno galego mantén os seus convenios coa Sveučilište u Zadru, Università degli Studi di Perugia, Ruprecht-Karls-Universität Heidelberg, Christian-Albrechts-Universität zu Kiel, University of Wales Bangor e a Universidad de Extremadura.

A través destes acordos, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude promoverá a docencia, investigación e a lingua e cultura galegas, así como a organización de cursos, conferencias seminarios, congresos, mesas redondas e exposicións, tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia. Ata o ano 2028, que dura a vixencia dos diferentes convenios ademais da contía económica, a Xunta proporcionará orientación e apoio pedagóxico e didáctico ás universidades que así o demanden e difundirá as actividades desenvolvidas.

Todos os centros, que xa veñen colaborando coa Administración autonómica desde hai varios anos, son unha referencia para o estudo do galego no seu ámbito territorial e grazas a estes convenios terán a posibilidade de adquirir o material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario para realizar todas as actividades formativas.

Lectorados en seis países estranxeiros

Ao abeiro destas axudas, a Xunta dá continuidade ao traballo que leva a cabo no eido da promoción do galego e a docencia no exterior. Deste xeito, vén de lanzar a convocatoria de 10 prazas de lectorados en seis países estranxeiros e dúas comunidades autónomas. As bolsas desenvolveranse en universidades de Barcelona, Granada, Portugal, Brasil, Croacia, Alemaña, Reino Unido e Polonia, e contan co prazo de solicitudes aberto ata o vindeiro 17 de xuño.

Deste xeito, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude busca difundir a lingua e cultura galegas no mundo a través de diferentes convenios fomentando a ensinanza en galego ao abeiro do Pacto pola lingua que inclúe 50 medidas de acción inmediata. Tamén se iniciou o proceso para renovar o Plan xeral de normalización de lingua galega

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

coa participación de máis dun cento de expertos de recoñecido prestixio en 11 comisións. Ademais, enmarcado neste traballo a prol do idioma, o Goberno autonómico iniciou xa os trámites para a creación dun selo que recoñeza o compromiso das empresas e institucións co seu uso, e que poderá terse en conta en convocatorias e procedementos públicos ou poderá servir como criterio de desempate.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PROGRAMA DE AXUDAS DA XUNTA AO AUDIOVISUAL GALEGO SUMA EN 2025 NOVE CONVOCATORIAS CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 6,8 M€

- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude eleva ao Consello un informe sobre as liñas de subvencións a este sector, que destaca o retorno económico de 21,6 M€ que xerou en 2024 a destinada á atracción de rodaxes a Galicia
- Autorízase a próxima publicación deste fondo para promover a filmación de longametraxes e series na nosa Comunidade cunha dotación de 2,2 M€, que supón un incremento do 10% respecto do ano pasado

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude elevou hoxe ao Consello da Xunta o *Informe das liñas de subvencións da Axencia Galega das Industrias Culturais no ámbito audiovisual* co estado actual e a información máis salientable de cada unha das nove convocatorias deste ano 2025, que suporán un investimento directo no sector de 6,84 millóns de euros.

O documento pon o foco no retorno económico de 21,6 M€ e máis de 647 empregos, en cómputo anual equivalente a tempo completo, que tiveron en 2024 as axudas destinadas especificamente á atracción de rodaxes á nosa Comunidade. A través delas, apoiouse a filmación en diferentes localizacións galegas de seis películas e series, entre as que se atopa *Romería*, o filme co que Carla Simón acaba de obter unha grande acollida no festival de Cannes (Francia).

En resposta a estes resultados, obtidos por un equipo de investigación da Universidade de Santiago, e segundo os que cada euro investido pola Xunta nestes filmes xera 12 euros na actividade económica da nosa Comunidade, o Executivo galego deulles tamén hoxe o visto e praxe ás bases da convocatoria de 2025 destas subvencións para a realización de rodaxes cunha dotación de 2.200.000 euros, un 10 % máis que en 2024.

Cofinanciadas pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, o seu obxectivo é favorecer a proxección da nosa Comunidade como escenario de destacadas producións audiovisuais, encabezadas tanto por empresas de aquí como do resto de España e Europa

As axudas de ata 350.000 euros que recibirán as empresas beneficiarias implicarán obrigatoriamente un gasto mínimo en Galicia de 1.000.000 euros para longametraxes e de 1.300.000 euros para series no caso das produtoras galegas e de 1.500.000 euros no das foráneas. Ademais, os proxectos subvencionados deben desenvolver un mínimo de 20 días de rodaxe en localizacións galegas e destinar cando menos un 40 % do seu orzamento subvencionable a gastos de persoal tamén realizados en Galicia.

Con estes requirimentos, estímase que o impacto económico desta nova edición do fondo para a captación de rodaxes situarase desta volta arredor dos 24 M€.

Fomentar a solvencia e a calidade

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A finalidade do conxunto das liñas que lle dan forma ao programa anual de axudas a este sector é facilitarlles ás empresas e profesionais un impulso económico que lles permita afrontar con solvencia e calidade os momentos clave do proceso audiovisual, que van desde o xermolo creativo ata a chegada ás pantallas de longas e curtametraxes cinematográficas, series e películas para televisión e plataformas, e videoxogos.

Das nove convocatorias previstas este ano, nestes momentos xa están publicadas e resoltas as destinadas á organización de festivais (300.000 euros), a laboratorios, incubadoras e residencias audiovisuais (180.000 euros) e ao desenvolvemento do sector dos videoxogos (150.000 euros), mentres que a liña para a comercialización e difusión en foros de negocio e eventos especializados (70.000 euros) permanece aínda aberta tras dúas primeiras quendas de adxudicacións.

Pola súa banda, atópanse en proceso de resolución as subvencións para produción e coprodución de proxectos audiovisuais galegos (3.000.000 euros) e para a promoción do talento audiovisual (176.000 euros), mentres que as tres restantes serán convocadas proximamente: ademais das destinadas a rodaxes, tamén se publicarán este ano as dirixidas a salas comerciais de exhibición cinematográfica (465.000 euros) e a desenvolvemento de proxectos (300.000 euros).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ADIÁNTASE NO CUMPRIMENTO DO PRAZO DE PAGAMENTO DAS AXUDAS DA PAC CUNHA NOVA ACHEGA DE 26,6 M€ ANTES DE FIN DE MES

- O Goberno galego fará efectivo esta semana un novo pagamento a máis de 22.000 beneficiarios, completando así o importe do 100 % das axudas directas correspondentes á campaña 2024 e cumprindo a obriga de finalizar este trámite antes do 30 de xuño
- Só quedarían pendentes de pagamento as axudas agroambientais, así como os expedientes obxecto de alegacións ou recursos, ata completar un desembolso conxunto de arredor de 220 M€ no total da campaña
- As achegas da PAC representan unha parte substancial dos orzamentos da Unión Europea, en consonancia coa súa grande importancia, e son claves para o mantemento da actividade agrícola e gandeira, a rendibilidade económica das explotacións e o mantemento de poboación no medio rural

O Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), organismo pagador adscrito á Consellería do Medio Rural, executará antes de que remate o presente mes de maio o pagamento do 100 % das axudas directas da política agrícola común (PAC) correspondentes á campaña 2024. Así, está previsto que máis de 22.000 beneficiarios cobren o importe da axuda entre os días 28 e 29, cun desembolso total, por parte do Fogga, duns 26,6 millóns de euros.

A realización deste pagamento é posible tras a recente publicación dos últimos importes unitarios definitivos o pasado día 9 de maio, por parte do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA). Deste xeito, procédese a dar cumprimento á obriga de ter pagado o 100 % das axudas directas da PAC antes do 30 de xuño. Só quedarían pendentes de pagamento as axudas agroambientais, así como os expedientes obxecto de alegacións ou recursos.

Entre os meses de outubro e decembro do pasado ano pagáronse uns 142 millóns de euros de axudas directas financiadas co Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria (Feaga) e máis de 17 millóns de euros das axudas de desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control, estas últimas cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). Ademais, en marzo deste ano 2025 realizouse un pagamento intermedio de 3,5 millóns de euros. Polo tanto, ata marzo pagouse un montante de 163,2 millóns de euros aos agricultores e gandeiros galegos que, con este novo pagamento de 26,6 millóns, recibirán unha cifra de 190 millóns para a campaña 2024. Só quedarán pendentes de pagamento as axudas agroambientais, que incrementarán o total de transferencias da PAC 2024 ata arredor dos 220 millóns de euros.

Importancia destas achegas

As axudas da PAC representan unha parte substancial dos orzamentos da Unión Europea, en consonancia coa súa grande importancia. Son claves para o mantemento da actividade agrícola e gandeira a rendibilidade económica das explotacións e o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mantemento de poboación no medio rural. A súa finalidade é manter o sector agrícola europeo, de xeito que se compensa ás persoas que traballan no agro polos servizos ambientais que proporcionan, a calidade das súas producións e as exixencias lexislativas de máximo nivel impostas pola UE a prol da sustentabilidade.

Case dous terzos destas achegas forman parte da denominada solicitude única da PAC, que permite agrupalas para facilitar a súa tramitación aos beneficiarios e ás administracións autonómicas competentes. No caso de Galicia, o organismo encargado da súa xestión é o Fogga.

Os pagamentos directos permiten estabilizar a renda das persoas agricultoras e compensalas pola prestación de servizos públicos de valor incalculable como a protección do ambiente, o benestar dos animais e os alimentos seguros e de calidade. As normas europeas son as máis exixentes do mundo desde o punto de vista ambiental, de seguridade alimentaria, de benestar animal etc. Sen os pagamentos directos, as persoas agricultoras europeas non poderían competir coas producións de terceiros países.

Doutra banda, as axudas do Feader, tales como os pagamentos a zonas con limitacións naturais e as axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas, compensan as zonas en que exercen a actividade as persoas agricultoras así como os custos adicionais e as perdas de ingresos derivados dos compromisos ambientais asumidos por enriba do esixido pola lexislación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA DESTINA 36 M€ PARA SEGUIR AFONDANDO NA INCORPORACIÓN DE MOZOS AO AGRO E A MELLORA DAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS

- Sinala que a Xunta publicará axudas destinadas aos mozos beneficiados polas achegas de incorporación no 2024 aos cales non se lles aprobou o plan de mellora, cun orzamento de 5,5 millóns de euros
- Convocaranse as achegas deste 2025 para o establecemento de agricultores mozos e para investimentos en modernización e/ou mellora de explotacións agrarias, dotadas en total con 30,5 millóns de euros

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que o Goberno Galego destina 36 M€ para seguir afondando na incorporación de mozos ao agro e a mellora das explotacións gandeiras.

Tal e como sinalou o titular do Executivo galego, Galicia ten unha "liña de axudas" que promove "a incorporación de xente moza ás explotacións agrarias". Só desde 2016, destináronse 106 M€ que axudaron a "case 3.000 mozos e mozas que decidiron emprender no rural".

Nesta liña, o Consello da Xunta avaliou as novas convocatorias de axudas destinadas aos plans de mellora en explotacións gandeiras e á incorporación de mozos, dotadas cun total de 36 millóns de euros, cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola para o Desenvolvemento Rural (Feader), o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e con fondos propios, cos que se quere promover a incorporación de 300 mozos ao agro e apoiar "a mellora das explotacións".

Rueda detallou que a Xunta publicará, nos vindeiros meses, dúas ordes de axudas destinadas para tal fin no marco do Plan estratéxico da política agraria común. A primeira busca financiar os plans de mellora non aprobados aos mozos que resultaron beneficiarios da convocatoria 2024 da incorporación de mozos, co obxectivo de facilitar o inicio da súa actividade produtiva.

Deste xeito, e cun orzamento de 5,5 millóns de euros, financiaranse investimentos en modernización e/ou mellora de explotacións agrarias, sendo os posibles beneficiarios aquelas persoas mozas ás cales se lles aprobou a axuda de incorporación no 2024 pero non o plan de mellora asociado. Neste contexto, serán elixibles os investimentos materiais e inmateriais que supoñan unha mellora do rendemento global, a competitividade ou a viabilidade das explotacións.

O importe máximo da axuda será do 30 % dos custos elixibles, que poderá incrementarse ata un máximo do 65 % en función dos criterios que se recollan na orde. Ademais, a contía máxima sitúase en 250.000 euros por beneficiario.

Convocatoria de continuidade

Por outra banda, e dando continuidade ás axudas de incorporación de mozos, a Consellería do Medio Rural tamén publicará unha orde de axudas para o establecemento

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de agricultores mozos, cun orzamento de 16 millóns de euros; e para investimentos en modernización e/ou mellora de explotacións agrarias, dotadas con 14,5 millóns de euros.

Para o establecemento de agricultores mozos, os posibles beneficiarios serán aqueles cunha idade entre 18 e 40 anos, ambos incluídos, e que non cumpra os 41 no ano natural da convocatoria. O solicitante tamén deberá presentar un plan empresarial, permanecer na actividade agraria durante un prazo de 5 anos desde o pagamento final da axuda e participar no programa de titorización que presta a Consellería do Medio Rural a persoas agricultoras mozas. O importe da axuda será de 30.000 euros, que poderá incrementarse ata os 70.000 euros segundo os criterios recollidos na correspondente orde.

No caso dos investimentos en modernización e/ou mellora de explotacións agrarias, o requisito para obter esta axuda é ser unha persoa moza que solicita simultaneamente a axuda ao establecemento de persoas agricultoras mozas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA LEVARÁ OS PRODUTOS DO MAR ÁS PRINCIPAIS FEIRAS SECTORIAIS MUNDIAIS ATA 2027 PARA MOSTRAR A SÚA EXCELENCIA E IMPULSAR AS EXPORTACIÓNS

- A Consellería do Mar participará en 42 certames de países como Estados Unidos, Alemaña, Singapur, Cabo Verde, Francia, Italia, China ou os Emiratos Árabes
- A Xunta, que inviste máis de 10M€ na participación deste tipo de eventos, asiste cun *stand* propio para promocionar a pesca, o marisqueo, a acuicultura ou a transformación dos produtos do mar e ofrece ás firmas galegas acudir como coexpositoras ou a través dun centro de negocios para aumentar a súa visibilidade

A Consellería do Mar, no seu afán por mellorar a comercialización e distribución dos produtos do mar, apoia as empresas galegas do sector pesqueiro, marisqueiro, acuícola e transformador a través da asistencia ás feiras sectoriais de carácter nacional e internacional. O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo sobre a asistencia da consellería a este tipo de certames ata 2027, co obxectivo de abrir novas vías de negocio en mercados emerxentes e potenciar a demanda de peixe e marisco galego, achegándolle máis valor engadido.

Ata ese ano, o Goberno galego estará presente nun total de 42 certames entre os que se inclúen feiras de países como Alemaña (Fish International de Bremen e ANUGA Colonia), Singapur (Seafood Expo Asia), Cabo Verde (Expomar Mindelo), Francia (SIAL París), Estados Unidos (SENA Boston), China Fisheries & Seadfood Expo), Italia (Tutto Food Milán) ou os Emirato Árabes (Gulfood Dubai). Así mesmo, a presenza nacional tamén terá especial importancia a través de eventos como o Fórum Gastronómico da Coruña, Conxemar en Vigo, Xantar en Ourense, Seafood Expo Global Barcelona, Salón Gourmets en Madrid, Gastroma Valencia, San Sebastián Gastronomika, Equiocio Ferrol, Navalía Vigo, Auténtica Sevilla, Madrid Fusión, Salimat Abanca Sevilla, Aquafuture Spain Vigo e Expomar Burela.

Con esta participación, dotada con 10,8 millóns de euros, co-financiados co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa), a Xunta pretende avanzar na internacionalización do sector marítimo-pesqueiro galego, así como aumentar os seus ingresos económicos e impulsar a xeración de emprego. Así mesmo, impúlsanse as campañas de promoción dos produtos pesqueiros para potenciar o seu consumo, unha práctica que repercute na mellora da saúde dos cidadáns polas súas achegas nutritivas e a súa baixa achega calórica.

Do mesmo xeito, este tipo de iniciativas supoñen un punto de encontro no caso de clientes consolidados, ao tempo que facilitan a posibilidade de mostrar os avances e tendencias relacionadas co sector, o que deriva na captación de clientes e na asimilación de novas ideas de traballo de cara ao seu futuro.

Maior visibilidade

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta asiste a estas feiras cun *stand* propio para promocionar aspectos xenéricos da pesca, o marisqueo, a acuicultura ou a transformación dos produtos do mar e ofrece ás firmas galegas participar como coexpositoras –dispoñendo dun espazo de 9 a 12 metros cadrados– ou a través dun centro de negocios –para aquelas que non desexan acudir todos os días da feira ou queren facer unha visita exploratoria– para aumentar a súa visibilidade.

Así, o impacto que ofrece ao visitante este espazo conxunto é de especial importancia, o que permite que as empresas incrementen a súa actividade de negocio. De feito, os certames expositivos a que asistiu a Consellería do Mar nos últimos anos con firmas do sector puxeron de manifesto a enorme relevancia que supoñen estes eventos para a promoción ao converterse en importantes puntos de encontro da distribución alimentaria que contribúen a impulsar as exportacións.

Na actualidade, Galicia é a décimo quinta potencia exportadora mundial de produtos pesqueiros. As empresas do sector alcanzaron un volume de facturación de 2.800 millóns no 2023. As vendas no exterior aumentaron preto dun 4 % respecto a 2022 e máis dun 130 % en relación con 2009.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESEÑA A CONVERSIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO NUN REFUXIO CLIMÁTICO COA PLANTACIÓN DE ARBOREDO AUTÓCTONO PARA REFORZAR A SÚA RIQUEZA NATURAL

- O Consello toma razón dun informe sobre o proxecto que afondará nos valores naturais das diferentes rutas xacobeas a través da súa vexetación, a súa biodiversidade e os seus ecosistemas
- As especies seleccionadas para cada tramo dependerán da altitude, orientación, condicións do solo e, tamén, dos condicionantes urbanísticos, como que discorra ao carón dunha estrada, por contornas rurais, en zonas habitadas ou en áreas urbanas
- A previsión é comezar a desenvolver esta iniciativa en dous tramos do Camiño Inglés: na contorna de Sigüeiro, no concello de Oroso, e no parque empresarial do Tambre

A Xunta está a preparar un proxecto que ten por obxectivo converter o Camiño de Santiago nun refuxio climático a través da plantación de especies arbóreas autóctonas que reforcen a súa riqueza natural e complementen os seus valores culturais, patrimoniais, paisaxísticos e etnográficos.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en que se diseña o proxecto que ten por obxectivo afondar nos valores naturais que reúnen as diferentes rutas xacobeas a través da súa vexetación, a súa biodiversidade e os seus ecosistemas, así como poñer en valor a súa importancia á hora de afrontar os retos que representa o cambio climático.

Nesa liña, esta iniciativa permitirá facer plantacións en tramos de todos os Camiños de Santiago -Primitivo, do Norte, Francés, Inglés, de Inverno, Portugués e da Prata-, tendo en conta as características específicas da vexetación e da biodiversidade de cada unha das súas contornas. Así, as especies seleccionadas dependerán en cada caso da altitude, orientación, condicións do solo e, tamén, dos condicionantes urbanísticos de cada tramo, como poden ser que discorra ao carón dunha estrada, por contornas rurais, en zonas habitadas, en núcleos urbanos etc.

Deste xeito, os criterios que se seguirán para determinar as características de cada plantación serán o emprego de arboredo de gran porte en áreas rurais, que será acorde coa zona climática correspondente e preferiblemente con carballos, mentres que en zonas urbanas de vilas, pobos e cidades se optará por especies de pequeno porte e da especie *quercus columnna*.

Tamén se usarán especies de arbustos en zonas rurais en que non se poida empregar arboredo pola presenza, por exemplo, de muros de predios lindeiros, e en áreas urbanas en que o solo non sexa apto para levar a cabo a plantación.

A maiores, o proxecto inclúe a colaboración coas administracións locais de cara a autorizar plantacións de arboredo en terreos de contornas urbanas e rurais para crear áreas de descanso para os peregrinos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A previsión é comezar o desenvolvemento desta iniciativa en dous tramos do Camiño Inglés nas proximidades da cidade de Santiago de Compostela. Na falta de concretar os detalles da actuación nun proxecto de execución específico, os traballos comprenderían dous tramos que suman preto de 6 quilómetros: un de 2,5 quilómetros ao seu paso por Sigüeiro, no concello de Oroso, e outro de 3,3 quilómetros a través do parque empresarial do Tambre, xa no termo municipal compostelán.

Esta primeira actuación servirá de modelo para acometer futuros traballos noutras áreas xa que estes tramos reúnen varias características para ter en conta no desenvolvemento deste proxecto como o feito de pasar tanto por contornas rurais como por zonas fortemente urbanizadas e a proximidade a estradas cun intenso tráfico rodado.

Esta actuación enmárcase no traballo que está a desenvolver a Xunta para consolidar Galicia como un refuxio climático e, deste xeito, reforzar a súa posición á vangarda da loita contra o quecemento global.

Nese senso, cómpre lembrar que as emisións netas de gases de efecto invernadoiro (GEI) reducíronse en Galicia en 2023 nun 61,7 % con respecto a 1990, ano de referencia a nivel comunitario para as políticas climáticas. Con estes datos, a Comunidade consolida a súa posición de liderado a nivel nacional e achégaa ao cumprimento do obxectivo da neutralidade climática no ano 2040, é dicir, unha década antes do prazo fixado pola propia Unión Europea.

Para seguir avanzando nese camiño, a Xunta, ademais de ultimar a elaboración da futura Lei do clima de Galicia, que está previsto remitir ao Parlamento este verán, aprobou o pasado xaneiro o II Plan rexional integrado de enerxía e clima (PRIEC) 2030, que será a ferramenta que guíe as políticas climáticas da Xunta nos vindeiros anos, de forma transversal e implicando no proceso todos os departamentos autonómicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PRESENTA PRETO DE 60 PROXECTOS AO PLAN SOCIAL POLO CLIMA POR IMPORTE DE ARREDOR DE 2.000 M€

- Rueda destaca que esta planificación será a base para a aplicación en España do Fondo Social para o Clima (FSC) impulsado pola Unión Europea, que terá un orzamento de 9.000 M€ durante o período 2026-2032
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas propón accións por 1.460 M€ para promover e mellorar vivendas protexidas cunha maior eficiencia enerxética
- No eido da mobilidade, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes solicita máis de 224 M€ para iniciativas relacionadas co transporte público e a compra de vehículos híbridos ou eléctricos
- A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático pide un total de 57,8 M€ para iniciativas en materia de augas e patrimonio natural
- En canto á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, propón, entre outras cuestións, accións para mellorar a oferta formativa no ámbito da eficiencia enerxética, a construción e a mobilidade sustentable
- A Xunta agarda que o Goberno central empregue os mesmos criterios de repartición dos fondos que a UE, como a dispersión da poboación, o nivel de emisións de GEI per cápita ou a proporción de poboación en risco de pobreza enerxética

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anuncia que o Executivo galego presenta preto de 60 proxectos ao Plan Social polo Clima por un importe duns 2.000 M€, que será a base para a aplicación en España do Fondo Social para o Clima (FSC) impulsado pola Unión Europea.

O presidente lembrou que a Unión Europea considera clave que as autoridades rexionais participen na elaboración do Plan social polo clima que cada Estado membro deberá presentar antes do 30 de xuño de 2025 e en que incluírá as medidas e actuacións que se financiarán ao abeiro do FSC, así como a forma de facer a repartición. Serán 86.700 M€ para o período 2026-2032 dos que a España lle corresponden 9.000 millóns de euros, cofinanciados nun 75 % con fondos europeos e nun 25 % con achegas estatais.

A través do FSC preténdese garantir unha transición enerxética xusta para os sectores máis vulnerables da sociedade. Así, os plans sociais polo clima deberán establecer axudas temporais e directas á renda e medidas e investimentos que permitan reducir a dependencia dos combustibles fósiles dos usuarios dos distintos medios de transporte, microempresas e fogares vulnerables.

Rueda destacou que, a pesar da ausencia de contactos co Goberno central neste eido, Galicia traballou "en equipo" e a Xunta, baixo a coordinación da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e segundo recolle un informe ao que o Consello deu hoxe o visto e praxe, presenta un total de 58 proxectos de 7 consellerías por un importe de preto de 2.000 M€. Dese total, 1.460 M€ corresponden a iniciativas da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, que propón actuacións para promover e mellorar vivendas protexidas cunha maior eficiencia enerxética, prestando especial atención aos fogares vulnerables e ás microempresas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mobilidade sustentable

No eido da mobilidade, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes solicita máis de 224 M€ para 14 iniciativas, entre as que se inclúen o establecemento dun servizo de transporte regular a demanda, discrecional e adaptado; a concesión de bonificacións ás tarifas dos usuarios no transporte público; a mellora da conectividade das paradas de autobús interurbano e metropolitano e da eficiencia enerxética das estacións de autobuses ou a adquisición de vehículos (autobuses, camións e taxis) híbridos e eléctricos. A maiores, solicítase financiamento para a creación de aparcadoiros disuasorios, a elaboración de plans metropolitanos de mobilidade sustentable e o deseño de sendas ciclistas e peonís seguras e conectadas.

Ademais, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes tamén presenta proxectos para apoiar aos concellos de menos de 15.000 habitantes (86 M€) con medidas para mellorar a eficiencia enerxética en infraestruturas e servizos municipais, renovar parques móbiles locais e instalar puntos de carga nos municipios, realizar auditorías enerxéticas ou comprar maquinaria e equipamento eficiente.

As peticións da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes -que solicita, en total, máis de 404 M€- complétanse con iniciativas en materia de deportes (53 M€), xustiza (29 M€) e emerxencias (máis de 12 M€).

Eficiencia enerxética e formación

Por parte da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, solicítanse un total de 57,8 M€ para accións en materia de augas e patrimonio natural. En concreto, propónse destinar 45,3 M€ á implantación de enerxías renovables nas principais estacións depuradoras de augas residuais urbanas e outros 3,1 M€ para promover a xeración de biogás que cubra o consumo eléctrico dos equipamentos.

No eido do patrimonio natural, pídense máis de 2,2 M€ para instalar paneis solares fotovoltaicos para autoconsumo na illa de Ons, no Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. A maiores, tamén se solicita financiamento (5,6 M€) para levar a cabo accións de mobilidade sustentable e de rehabilitación enerxética nos inmobles dos parques naturais galegos. E, finalmente, propónse levar a cabo con 1,6 M€ a rehabilitación climática da aldea medioambiental do Parque Natural do Xurés.

En canto á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, propón, entre outras cuestións, accións para mellorar a oferta formativa e a cualificación do profesorado no ámbito da eficiencia enerxética, a construción e a mobilidade sostible para contar con profesionais especializados que promovan procesos neste ámbito. Tamén solicita financiamento para a convocatoria de proxectos de I+D+i mediante consorcios entre empresas e centros de investigación co que sufragar o desenvolvemento de solucións tecnolóxicas nestes eidos. En total, este departamento autonómico pide 24,6 M€ ao abeiro do Plan Social polo Clima.

Finalmente, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración demanda máis de 3,3 M€ para varias iniciativas, entre as que destaca o impulso a un modelo de comercio enerxeticamente eficiente. E as consellerías de Cultura, Lingua e Xuventude, e do Mar

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

solicitan cada unha ao redor de 3 M€ para propostas entre as que se inclúen medidas para a mellora da eficiencia enerxética de distintas instalacións relacionadas coas súas competencias.

CONSELLERÍA	INICIATIVAS PRESENTADAS	FINANCIAMENTO SOLICITADO
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes	36	404 M€
Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático	6	57,8 M€
Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP	4	24,6 M€
Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas	3	1.460 M€
Consellería de Emprego, Comercio e Emigración	3	3,3 M€
Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude	1	3 M€
Consellería do Mar	5	2,8 M€
	58	1.955 M€

Criterios de repartición

A maiores, cómpre indicar que aínda que o Goberno central non puxo en coñecemento das comunidades o borrador do Plan social polo clima, malia a súa relevancia para o conxunto do Estado, a Xunta agarda que empregue os mesmos criterios de distribución dos fondos que a Unión Europea.

Entre eles, a dispersión da poboación, o nivel de emisións de gases de efecto invernadoiro per cápita, a proporción de poboación en risco de sufrir pobreza enerxética, os ingresos medios dos fogares, a taxa de pobreza e desemprego ou o impacto esperado do novo sistema de réxime de dereitos de emisión para sectores do transporte por estrada e edificios.

O Fondo Social para o Clima forma parte do paquete legislativo *Fit for 55* que implementa o Pacto Verde Europeo. Nese senso, pretende contribuír a acadar os obxectivos climáticos da Comisión Europea de cara a 2030 axudando a descarbonizar o sector do transporte, mellorando o rendemento ambiental e enerxético dos edificios, combatendo a pobreza enerxética, apoiando o crecemento económico sustentable e creando emprego verde.

Esta iniciativa, que se enmarca no Pacto verde europeo, financiarase con 65.000 millóns de euros procedentes das poxas do réxime de comercio de dereitos de emisión e completarse con achegas dos Estados membros ata acadar un orzamento global de 86.700 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE AS FAMILIAS DUNS 60.000 ALUMNOS PODERÁN BENEFICIARSE DA NOVA DESGRAVACIÓN FISCAL DO GASTO EN LIBROS E MATERIAL ESCOLAR

- Asegura que o aforro previsto para os fogares suma “6,3 M€” ao ano
- Vai dirixida ás familias con rendas per cápita superiores a 10.000€ e ata 30.000€ e cubre o 15 % do facturado, cun máximo de 105 € por fillo
- Comezará a aplicarse para as compras do vindeiro curso 2025/26 e será preciso contar con facturas detalladas dos produtos adquiridos
- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidade e FP enmarca esta medida na aposta da Xunta “pola equidade e a xeración de igualdade de oportunidades”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico vai aprobar unha nova medida fiscal “que permitirá que as familias de arredor de 60.000 alumnos” desgraven na declaración da renda “pola compra de libros de texto ou material escolar”.

Tal e como explicou, a medida enmárcase no compromiso da Xunta “en seguir ampliando o apoio ás familias con fillos en idade escolar” logo de implantar a gratuidade desde a escola infantil ata rematar a carreira e con axudas que permiten que “o 70% do alumnado de etapas obrigatorias” reciba algunha achega para os gastos de mercar manuais ou material.

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a implantación desta nova medida fiscal pola que as familias galegas poderán desgravar ata 105€ por fillo. A iniciativa, que xa foi comprometida no Debate sobre política xeral, permitirá “un aforro de 6,3 M€” aos fogares galegos.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, indicou que a nova medida fiscal vai dirixida ás familias con rendas anuais per cápita superiores a 10.000€ e ata 30.000€, con fillos matriculados en educación primaria ou educación secundaria obrigatoria, que na actualidade non se acollen ás axudas para libros de texto e material.

Cada familia poderá desgravarse ata un 15% do gasto ata un máximo de 105€ por fillo. A porcentaxe do 15% aplicarase sobre o importe das facturas correspondentes ás compras de libros ou material escolar para o curso 2025/2026 realizadas entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de 2025.

A desgravación no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas realizarase na declaración da renda do ano 2026, correspondente ao exercicio de 2025. Para iso, Román Rodríguez indicou que “a Xunta a incluírá na Lei de medidas do ano 2026 con efectos para o ano 2025”.

Apoio ás familias

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta nova acción vén sumarse ao completo programa de Xunta para apoiar ás familias nos gastos do inicio do curso. "Reforzará un dos valores fundamentais do sistema educativo galego como é a equidade e a xeración de igualdade de oportunidades. E ademais fará que o duro inicio de curso para moitas familias sexa algo máis levadeiro", indicou Román Rodríguez.

Ata o vindeiro 20 de xuño está aberto o prazo para solicitar as axudas á compra de libros de texto e material escolar, para as familias con rendas anuais per cápita iguais ou inferiores aos 10.000€ per cápita.

No caso dos manuais, as axudas oscilan entre os 160 e os 270€, en función da renda e da etapa educativa, e son de 300€, con independencia da renda, para determinados casos, como os alumnos matriculados en Educación Especial. Os vales para material son de 60 ou 75€, en función tamén da capacidade económica das familias.

Os fogares poden tamén acceder aos manuais de balde a través do programa E-Dixgal ou do fondo de préstamo gratuito. Ademais, este ano porase en marcha o préstamo de libros a alumnos usuarios do programa de libro dixital, que se regulará a través doutro procedemento.

No actual curso, 163.023 alumnos tiveron libros de balde a través do fondo, das axudas para a compra de manuais ou do programa de libro electrónico, o que supón o 70 % do alumnado das etapas obrigatorias. Deles, 126.754 accederon tamén a vales de material. Esta porcentaxe incrementarase o próximo curso coas novas medidas que aspiran a chegar a 60.000 alumnos máis.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INSTA AO GOBERNO CENTRAL A RECTIFICAR A SÚA DECISIÓN DE RECORTAR CASE 50 MILLÓNS DE EUROS NOS FONDOS DO PLAN CORRESPONSABLES

- Galicia deixará de recibir máis de 2,3 millóns de euros xa este ano, que terá que asumir con fondos propios
- Máis de 30.000 menores e as súas familias beneficiáronse o ano pasado de actividades e servizos de conciliación e sensibilización en materia de corresponsabilidade financiados con este Plan

O Consello da Xunta de hoxe avaliou as consecuencias do recorte de fondos que o Goberno central distribúe ás Comunidades Autónomas do Plan Corresponsables, que ten como obxecto apoiar as necesidades de conciliación das familias e fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes. Segundo o informe elaborado pola Consellería de Política Social e Igualdade, Galicia deixará de recibir este ano máis de 2,3 millóns de euros que xa tiña comprometidos para financiar actividades e servizos de conciliación de concellos, de Asociacións de Nais e Pais (Anpas) e de entidades de iniciativa social.

A semana pasada o Consello de Ministros aprobou reducir en case 50 millóns de euros o orzamento do Plan, pasando de 190 a 142,5 millóns de euros, o que no caso de Galicia supón diminuír de 9,3 millóns de euros a só 6,9 os fondos dispoñibles. Isto é un recorte do 25% que a Xunta terá que asumir con fondos propios.

O informe sinala que esta medida que adoptou o Executivo central sen aviso previo e sen consensuar deixa ás comunidades sen marxe de manobra, xa que os orzamentos do exercicio xa están comprometidos e as ordes de axuda próximas á súa resolución e publicación nos diarios oficiais. Ante esta situación, Galicia presentou alegacións ao documento de acordo e abstívose na Conferencia Sectorial de Igualdade do pasado venres, ao igual que fixeron outras 15 comunidades, porque un voto negativo podería supoñer a perda de fondos.

A Xunta insta de novo ao Goberno central a que reconsidere a súa decisión e que non diminúa o financiamento deste plan que o ano pasado beneficiou en Galicia a máis de 30.000 nenas e nenos e ás súas familias, que participaron en actividades de conciliación, como servizos de madrugadores, de comedor ou campamento, ademais de sensibilización en materia de corresponsabilidade e masculinidades igualitarias. Así mesmo, a través deste Plan, achegáronse recursos a 170 concellos, 60 Anpas e unha vintena de entidades de iniciativa social.

Galicia é referente en materia de igualdade e conciliación, con medidas como o II Plan Galego de Benestar Laboral, Conciliación e Corresponsabilidade 2022-2025; a gratuidade das escolas infantís; a rede de casas niño e as casas do maior; as axudas á redución de xornada para o cambio de tendencia e que cada vez sexan máis os homes os que soliciten para o coidado de fillas e fillos; ou os centros Quérote+, desde os que se traballa na sensibilización en materia de relacións igualitarias e bo trato.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FACILITA A INTEGRACIÓN DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL COA INCORPORACIÓN DE 28 PERSOAS E A CONVOCATORIA DE 54 PRAZAS MÁIS

- A consellería de Facenda e Administración Pública conta coa colaboración de Fademga e Down Galicia para o deseño das convocatorias e a adaptación dos postos de traballo
- O proceso para persoal subalterno, cun total de 28 prazas, está rematado, pendente só da toma de posesión
- Os primeiros exercicios dos outros tres procesos, para persoal de servizos xerais (4 prazas), para persoal de limpeza e cociña (31 prazas) e outras 19 prazas de persoal subalterno, terán lugar entre xuño e decembro

A Xunta quere facilitar a integración das persoas con discapacidade intelectual coa incorporación de 28 persoas e a convocatoria de outras 54 prazas en catro procesos selectivos. Unha integración que está recollida na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público en Galicia, que establece no seu artigo 48 que polo menos o 2 % das prazas reservadas para persoas con discapacidade nas ofertas de emprego público sexan para persoas que acrediten discapacidade intelectual.

Con esta finalidade, a Consellería de Facenda e Administración Pública conta coa colaboración de dúas federacións, a Federación Galega de Asociacións en favor das persoas con Discapacidade Intelectual (Fademga Plena Inclusión Galicia) e a Federación Galega de Institucións para Síndrome de Down (Down Galicia), para deseñar os procesos selectivos en función das circunstancias especiais das persoas aspirantes, así como para facilitar a adaptación e o desenvolvemento das funcións nos postos de traballo que pasen a ocupar, para o que, entre outras iniciativas, as federacións poñen ao dispor das persoas aspirantes unha persoa de apoio para as primeiras semanas de traballo.

Ademais, unha vez rematados os procesos e adxudicados os postos, pídesse ás consellerías correspondentes a designación dunha persoa que guíe, oriente e acolla as novas incorporacións para facer máis sinxela a súa acollida e integración no novo posto de traballo.

Convocatorias en curso

Miguel Corgos informou o Consello de Goberno das catros convocatorias que se atopan en marcha neste momento. O proceso selectivo da agrupación profesional da Administración xeral, escala de persoal subalterno, cun total de 28 prazas, está rematado, só pendente de toma de posesión.

No mes de xuño celebrárase o primeiro exercicio do proceso selectivo da agrupación profesional da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de persoal subalterno, cun total de 19 prazas convocadas. A selección para a escala de persoal de servizos xerais (subgrupo C2), con 4 prazas, terá o seu primeiro exercicio en novembro deste ano, mentres que o primeiro exercicio do proceso da agrupación profesional da Administración xeral, escala de persoal de limpeza e recursos naturais e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

forestais, especialidade limpeza e cociña, cun total de 31 prazas, será no mes de decembro.

Na actualidade están xa traballando na Administración autonómica 24 persoas con discapacidade intelectual, das cales cinco están en período de prácticas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A REDE GALEGA DE INTERNET DAS COUSAS PERMITE XA A POSTA EN MARCHA DE UTILIDADES PARA A SEGURIDADE, O AMBIENTE OU A PREVENCIÓN DE CATÁSTROFES NATURAIS

- O Consello recibe un informe sobre a nova fase de iCousas, unha vez que a rede xa está operativa
- Galicia e Baleares son as únicas CC.AA. que dispoñen dunha rede deste tipo de titularidade pública cunha plataforma para a xestión integrada dos datos, que están a ser tomadas como referencia noutras rexións
- As consellerías poden usar esta infraestrutura para, entre outros aspectos, monitorizar a seguridade de edificios e do territorio, a calidade da auga, as mareas, os riscos de inundacións ou a teleasistencia de persoas maiores
- A rede permitirá contabilizar persoas ou xestionar multitudes en lugares turísticos como o Camiño de Santiago ou espazos naturais, así como o control de grandes concentracións de persoas en eventos

Retegal e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia puxeron en marcha a segunda fase do proxecto de implantación da Rede galega de internet das cousas (iCousas), que ten como obxectivo a adopción de solucións concretas baseadas nesta tecnoloxía, de acordo coas necesidades das diferentes consellerías da Xunta de Galicia.

Entre outros aspectos, a rede, que xa está operativa, permite aplicar técnicas de prevención baseadas na xestión intelixente dos datos para protexer o territorio e asegurar o benestar da cidadanía fronte a riscos físicos, químicos ou danos en situacións de ameaza.

O Consello da Xunta recibiu hoxe un informe sobre a situación desta iniciativa, que se enmarca no proceso de información e promoción das utilidades concretas da sensorización do territorio e a integración dos datos obtidos nunha única plataforma para o seu procesamento con tecnoloxías intelixentes. Esta plataforma evita a dispersión de información de sensorización en bases de datos diferentes e non accesibles polo resto de organismos públicos autonómicos.

As consellerías dispoñen xa dun catálogo de usos que están dispoñibles, con estimacións de necesidades e custos. Entre estes usos atópanse os relacionados coa prevención de catástrofes naturais, como as medicións dos niveis de auga ou as mareas, ou a loita contra os incendios.

Tamén recolle usos relacionados coa planificación e xestión de recursos turísticos, como o Camiño de Santiago ou os espazos naturais. O control de mobilidade combina capturas de imaxes en tempo real con análise de datos avanzados, que permite contar as persoas que se atopan ou transitan por algún lugar. A recompilación e análise destes datos proporcionan información valiosa para a planificación e xestión de recursos turísticos. Ademais, a rede, mediante o uso combinado coa intelixencia artificial, permite a xestión

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de multitudes mediante cámaras, con utilidades relacionadas coa planificación de eventos.

A rede ten tamén utilidades relacionados co benestar e seguridade das persoas maiores ou que requiran dunha atención especial, como a monitorización de hábitos de saúde, a teleasistencia ou a xeolocalización.

Ademais de sistemas para monitorizar o ambiente, as explotacións agrarias e gandeiras ou xestionar concentracións de persoas, a rede iCousas permite controlar edificios e infraestruturas públicas no que se refire a condicións de confort, eficiencia enerxética, iluminación, consumo de auga, vixilancia de niveis de radon, seguridade, control de acceso, etc.

A rede iCousas creouse para ser usada pola Xunta, coa posibilidade de adherir a outras entidades territoriais. Trátase dunha rede de acceso IoT (internet das cousas) despregada nos máis de 300 centros de telecomunicacións da Xunta de Galicia xestionados por Retegal e outras infraestruturas públicas. O modelo complétase co desenvolvemento e implantación dunha plataforma que xestiona os dispositivos IoT e os elementos que integran a rede de acceso. O obxectivo é ofrecer servizos públicos de sensorización para o desenvolvemento do territorio e a preservación dos recursos.

O despregamento actual ten capacidade para integrar 42.000 sensores na maior parte do territorio, pero a rede está preparada para acoller hasta 300.000 dispositivos. Os datos proporcionados polos sensores intégranse nunha plataforma con capacidades de procesamento e están dispoñibles para a súa integración noutros sistemas ou para a súa visualización web de software libre.

As capacidade da rede xa foron probadas en proxectos piloto sobre sensorización de gando, detección de situacións anómalas en ríos, estacións meteorolóxicas ou monitorización de inmobles deshabitados.

Na actualidade, soamente Baleares conta cunha rede similar á galega de titularidade pública cunha plataforma para xestionar os datos, aínda que hai proxectos relacionados coa sensorización do territorio no País Vasco, Castela e León, Canarias ou Estremadura. Outras comunidades, como Asturias, puxéronse en contacto coa Xunta porque queren lanzar un proxecto similar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIA OS TRÁMITES DUN NOVO DECRETO PARA HABILITAR PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN XURADA

- O Consello avaliou o texto con que se pretende renovar o anterior regulamento de 2002 para adaptarse ás necesidades marcadas polo Plan Boloña
- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ten o obxectivo de convocar exames para o 2026, unha vez que se tramite e se publique a norma
- Trátase dunha ferramenta de grande importancia para o fomento da lingua galega no eido da xestión de documentación oficial
- No texto abórdase a adecuación dos contidos do temario para as probas que se van realizar e tamén os requisitos para a habilitación directa
- O modificación tamén responde á necesidade de incrementar o persoal apto para traducir documentos con validez xurídica doutros idiomas ao galego e viceversa

A Xunta tramitará un novo decreto para habilitar profesionais da tradución e interpretación xurada co obxectivo de renovar o anterior regulamento de 2002 e adaptalo ás necesidades do Plan Boloña. Así se informou hoxe no Consello, onde se avaliou o texto con que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude aborda a adaptación do temario para unhas probas que pretende volver convocar en 2026, unha vez se publique a norma.

Deste xeito, a finalidade é revisar os contidos dos exames co fin de simplificalos e adecualos ás funcións reais destes profesionais de acordo coa planificación académica actual, de maneira que se centren en contidos lingüísticos, teminolóxicos, morfolóxicos e sintácticos e non tanto en contidos xurídicos. Tamén se adecuarán aos actuais itinerarios da formación superior en Tradución e Interpretación en Galicia os requisitos para proceder á habilitación directa, xa que co vixente plan de estudos os titulados non cumpren co exixido no anterior decreto.

Esta renovación do regulamento, coa posterior convocatoria de probas, responde á necesidade de incrementar a dotación do persoal apto para traducir documentos con validez xurídica doutros idiomas para o galego e viceversa. Neste senso, actualmente o Rexistro de tradutores xurados habilitados pola Secretaría Xeral da Lingua suma 11 profesionais para o galego-castelán, 42 para o galego-francés e 256 para o galego-inglés. Reactívase así unha importante ferramenta para facilitar a tramitación en lingua galega de documentación oficial orixinalmente xestionada noutros idiomas, en consonancia tamén co incremento de poboación chegada do exterior e asentada nos últimos anos en Galicia.

Cómpre destacar que a habilitación destes profesionais regulouse en 2002 en resposta á internacionalización das relacións sociais, que demandaban contar con traducións fidedignas, con recoñecemento oficial, do galego para outras linguas e viceversa, especialmente en textos e actuacións en materia xurídica, administrativa, económica e científico-técnica. Tamén era necesario acreditar o nivel formativo das persoas dedicadas a estas funcións para obter a condición de tradutor xurado. As primeiras

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

probas convocáronse en 2007 para os seguintes pares de linguas: galego-castelán, galego-eúscaro, galego-catalán, galego-portugués, galego-francés, galego-inglés, galego-alemán e galego-romanés. Os últimos exames tiveron lugar en 2008 para os mesmos idiomas, excepto o francés e o inglés.

Para a elaboración do novo texto mantivéronse conversas coa facultade de Filoloxía e Tradución da Unversidade de Vigo e con representantes da Asociación galega de profesionais da tradución e interpretación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZARÁ 2,3 M€ PARA POTENCIAR O LABOR DE 54 CENTROS COMERCIAIS ABERTOS E RECOÑECE A EXCELENCIA DE CINCO ENTIDADES CUNHA ACHEGA EXTRAORDINARIA

- O Consello da Xunta analizou un informe sobre a resolución da convocatoria de axudas deste ano, que busca potenciar a capacidade de dinamización territorial e atracción de clientes destes axentes estratéxicos do ecosistema comercial galego
- Canto á distribución territorial, do total de entidades beneficiarias en 2025, 18 centros comerciais abertos pertencen á provincia da Coruña, 7 corresponden a Lugo, 6 a Ourense e 23 sitúanse en Pontevedra
- Ademais, destinaranse preto de 200.000 euros para distinguir as cinco mellores propostas, que recibiron unha puntuación superior aos 12 puntos na avaliación técnica, o que lles permitirá a posta en marcha de campañas de dinamización extraordinarias
- Esta orde está integrada no novo Plan estratéxico do comercio de Galicia, dotado con máis de 320M€ e articulado en 74 actuacións, entre as que tamén destacan a creación dun rexistro actualizado dos CCAs ou o pulo á formación para os seus xerentes
- Tamén figuran medidas de comercio de atracción como a posta en valor das prazas de abastos e a nova iniciativa piloto 'Vilas vivas', que arranca en Ribadavia para revitalizar contornas comerciais de vilas senlleiras

Un total de 54 centros comerciais abertos de toda Galicia beneficiaranse este ano das axudas da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a implementación de actividades de dinamización comercial nas súas contornas, fortalecendo así a súa capacidade de atracción e competitividade, cun investimento global de 2,3 millóns de euros. Deles, preto de 200.000 euros irán destinados ao desenvolvemento de campañas extraordinarias de valor engadido para cinco centros comerciais que acadaron as mellores puntuacións nas propostas presentadas, recoñecendo a excelencia destas iniciativas, o seu carácter innovador, a calidade das accións e o impacto no tecido comercial local.

Así o recolle un informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre a resolución da convocatoria 2025 destes apoios, que se enmarcan dentro do Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030. Este plan busca consolidar un modelo comercial máis moderno, sostible e adaptado ás novas demandas da clientela e do territorio, situando aos centros comerciais abertos como pezas fundamentais e estratéxicas do ecosistema comercial galego.

Por provincias, das 54 entidades beneficiarias, 18 pertencen á Coruña, cunha achega total próxima a 800.300 euros. Na provincia de Lugo, 7 asociacións recibirán arredor de 350.400 euros; en Ourense, 6 entidades seleccionadas accederán a preto de 230.000 euros; e finalmente, 23 centros comerciais abertos da provincia de Pontevedra recibirán unha suma total de 936.300 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre destacar que este ano a orde foi convocada como novidade en réxime de concorrência competitiva, co fin de priorizar a calidade e excelencia das propostas de dinamización comercial. Está dirixida a asociacións de comerciantes de carácter territorial e sen ánimo de lucro, con unha antigüidade mínima de tres anos, xestión profesionalizada e que representen, polo menos, 50 establecementos retalistas. A intensidade das axudas oscila entre o 70 % e o 90 %, en función da puntuación obtida na avaliación dos proxectos.

Campañas de dinamización extraordinarias

No proceso de avaliación das solicitudes foron especialmente valorados criterios como a existencia dun plan de comunicación estruturado, a capacidade das accións para fomentar o consumo e atraer nova clientela, así como o carácter innovador, diferenciador e o impacto previsto das propostas sobre o tecido comercial local.

Así, a resolución distingue as cinco mellores propostas, todas cunha puntuación superior aos 12 puntos na avaliación técnica. Estas recibirán un apoio económico adicional, que suma preto de 200.000 euros, destinado a levar a cabo campañas de dinamización comercial extraordinarias, de alto valor engadido e impacto, que deberán executarse en coordinación cos concellos e outras entidades locais. As entidades recoñecidas son o Centro Comercial Estrela de Marín, o Centro Comercial Aberto de Boiro, o Centro Comercial Aberto de Ferrol, Acisa Ribadeo e a Asociación Rianxeira de Empresarios.

Novidades para impulsar estes axentes clave

Esta orde está integrada no novo Plan estratéxico do comercio de Galicia, recentemente aprobado tras un amplo proceso de participación activa que involucrou máis de 300 axentes do sector. No seu marco, avanza na creación dun rexistro actualizado e na reconfiguración dos centros comerciais abertos, desde unha perspectiva de dinamización integral das contornas comerciais. Tamén se desenvolverá un plan de formación continua para os xerentes destes centros.

Con este plan, dotado con 320M€ e estruturado en 74 accións, a Xunta aposta por un comercio de proximidade máis competitivo, moderno, sustentable e atractivo, consolidando un modelo adaptado ás novas necesidades do sector e da cidadanía. Ademais, inclúense medidas de comercio de atracción como a posta en valor das prazas de abastos e a nova iniciativa piloto *Vilas vivas*, que arranca en Ribadavia para revitalizar contornas comerciais urbanas de vilas senlleiras mediante experiencias de comercio efémeras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS SERVIZOS DO MATADOIRO MÓBIL DA XUNTA DUPLICÁRONSE NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2025 EN RELACIÓN CO MESMO PERÍODO DO ANO ANTERIOR

- O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe sobre as actuacións realizadas desde a posta en marcha deste servizo que busca cubrir as demandas do sector ao minimizar os desprazamentos dos animais para o seu sacrificio, incrementar a rendibilidade na comercialización e reducir os custos
- Entre os meses de xaneiro e marzo deste ano, o matadoiro móbil levou a cabo 90 intervencións coas que se deu cobertura a 69 explotacións gandeiras galegas e se sacrificaron 441 animais
- Este ano prevese a entrada en funcionamento da sala de despezamento instalada na base loxística da unidade móbil, situada no concello de Chantada, así como do laboratorio de diagnóstico e control de triquina
- A Consellería do Medio Rural destinará neste 2025 máis de 940.000 para sufragar os seus gastos de funcionamento e para a posta en marcha dos novos servizos

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe en que se recollen as actuacións realizadas polo matadoiro móbil de Galicia desde a súa posta en marcha en xaneiro de 2024. O obxectivo desta iniciativa, pioneira en España, é o de cubrir as demandas do sector, minimizando os desprazamentos dos animais para o seu sacrificio, incrementando a rendibilidade na comercialización dos seus canais e reducindo os seus custos. Neste sentido, cómpre salientar que os servizos do matadoiro móbil da Xunta duplicáronse no primeiro trimestre de 2025 en relación co mesmo período do ano anterior, o que amosa que esta iniciativa está a responder ás demandas dos gandeiros situados en zonas tradicionalmente máis afastadas dos matadoiros convencionais.

Entre xaneiro e marzo deste ano, o matadoiro móbil prestou 90 servizos a 69 explotacións, a través dos cales se sacrificaron 441 animais (porcinos, ovinos e cabrúns). Neste mesmo período, pero no 2024, as cifras acadadas foron 41 servizos cunha cobertura de 29 explotacións e 222 animais sacrificados. Isto amosa a consolidación deste servizo, especialmente nas zonas do interior como Lugo e Ourense, onde ten maior demanda.

Por outra banda, no 2024 ao completo, o matadoiro móbil acadou as 210 intervencións solicitadas por 116 explotacións para xestionar o sacrificio de máis dun milleiro de animais. A distribución por provincias sitúa a Lugo como a que máis demanda este servizo, seguida de Ourense, Pontevedra e finalmente A Coruña.

Este servizo pode solicitarse no teléfono 982 25 12 01, operativo de luns a venres, das 09.00 ás 14.00 horas. Tamén pode solicitarse vía web mediante a cobertura dun formulario dispoñible na Oficina Virtual de Medio Rural: <https://ovmediorural.xunta.gal/es/tramites/matadoiro-mobil>. A maiores, o matadoiro está operativo de luns a venres e as rutas elabóranse de acordo cos avisos recibidos.

Actuacións previstas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O matadoiro móbil incluírá entre os seus servizos unha sala de despezamento instalada na base loxística da unidade, situada no concello de Chantada. Deste xeito, ofertarase ás persoas titulares das explotacións a posibilidade de obter os produtos cárnicos xa despezados, clasificados e mesmo envasados, para facilitar a súa comercialización.

Ofreceráse un proceso de despezamento e procesamento máis controlados e seguro, cumprindo cos estándares exixidos polas autoridades sanitarias; e poderase avanzar cara ao establecemento de produtos diferenciais certificados de maneira que se poidan ofrecer produtos suxeitos a uns procedementos de produción específicos. Neste momento, a sala está xa executada e pendente das autorizacións sanitarias para a súa posta en marcha.

A maiores, tamén se disporá dun laboratorio de diagnóstico e control de triquina, unha medida estratéxica que reforza a seguridade alimentaria, a autonomía operativa do servizo e a axilidade na xestión sanitaria das carnes obtidas, especialmente nun contexto de actuación en zonas rurais cunha limitada infraestrutura analítica. O laboratorio está pendente das autorizacións sanitarias para a súa entrada en funcionamento.

Entre outras actuacións, solicitouse a inscrición dos produtos obtidos a través do matadoiro móbil no Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega), co obxectivo de potenciar as pequenas producións de explotacións tradicionais que apostan pola sustentabilidade e están comprometidas co benestar animal. Ademais, tamén se traballa no desenvolvemento dunha marca de calidade propia que ampare os exemplares sacrificados neste matadoiro, salientándoos como produtos de proximidade, con alto benestar animal ou con orixe en ganderías que contribúen na loita contra os lumes.

A Consellería do Medio Rural seguirá apostando neste 2025 polo servizo do matadoiro móbil e, por iso, investirá máis de 940.000 euros para o seu funcionamento e o inicio da actividade tanto da sala de despezamento como do laboratorio de triquina.